Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.



En data 25/02/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Vilaboa na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 199.860,76€, con destino ao financiamento “*Reasfaltado e calmado de tráfico en núcleos rurais - Santa Cristina de Cobres e Vilaboa*”, cun orzamento por importe de 199.860,76 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras Administracions €	Fondos propios €
2022	112.241,82	112.241,82	0,00	0,00
2023	87.618,94	87.618,94	0,00	0,00
TOTAL	199.860,76	199.860,76	0,00	0,00

O orzamento contempla honorarios técnicos da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 7.502,20 €.

En datas posteriores o Concello emenda as deficiencias observadas na documentación aportada inicialmente dando resposta así ao requirimento efectuado formalmente por este servizo.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axencia Urbana, do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e solicitude do informe á Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Rural e declaración responsable a Augas de Galicia. Consta no expediente ditas solicitudes e a preceptiva declaración responsable a Augas de Galicia

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á aprobación do documento técnico e acta de trazado previo (anexo III) por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, as preceptivas autorizacións sectoriais, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 24/05/2022.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 24/05/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 24/05/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 25/05/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilaboa* CIF P3605800F a cantidade de 199.860,76 €, con destino ao financiamento do investimento “*Reasfaltado e calmado de tráfico en núcleos rurais - Santa Cristina de Cobres e Vilaboa*” (Expte.2022011593) cun orzamento polo importe de 199.860,76 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	112.241,82	112.241,82	0,00	0,00
2023	87.618,94	87.618,94	0,00	0,00
TOTAL	199.860,76	199.860,76	0,00	0,00

O orzamento contempla honorarios técnicos da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 7.502,20 €.

- A concesión da presente subvención queda condicionada á presentación das autorizacións sectoriais do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axencia Urbana, do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, xunto co acordo de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (anexo III), sendo imprescindible que os remita á Deputación, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.



- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 112.241,82 euros na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Polo que respecta á anualidade 2023, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2023/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2023 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Vilaboa deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilaboa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.31793.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO “MELLORA ACONDICIONAMENTO ACCESO PRAIA AREEIROS”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2020, E AUTORIZACIÓN DE REINVESTIMENTO DE BAIXA NO FINANCIAMENTO DO MODIFICADO. CONCELLO DE TUI (Exp.te. 2020029886)

Consta no expediente electrónico arriba referido o informe da xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES

- *Mediante acordo da xunta de goberno núm. 8.29515, de 6 de novembro de 2020, concedeuse subvención polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2020, por importe de 191.436,36 euros ao concello de TUI co obxecto do financiamento do investimento “Mellora acondicionamento acceso Praia Areeiros” (Ref.: 2020029886). A subvención financiaba execución de obra por importe de 179.977,66 euros e asistencias técnicas por importe de 11.478,70€.*



- *As obras foron adxudicadas á empresa no prezo de 159.226,22 euros (IVE engadido), o que supón unha baixa de adxudicación que importa 20.751,44 euros.*
- *En data 29 de abril de 2021 con rexistro WEB2022026494, o Concello de TUI achega o proxecto modificado do investimento arriba subliñado e solicita a conformidade da Deputación ao mesmo.*
- *Segundo se pon de manifesto no informe da dirección de obra tras a adxudicación do investimento, advírtese a necesidade de realizar unha serie de intervencións non contempladas no proxecto orixinal, que permitan unha mellor adecuación á realidade física e ás necesidades existentes.*
- *O proxecto modificado supón variación orzamentaria con respecto do proxecto orixinal do 19,56 %. Este incremento no custe finánciase contra a baixa de adxudicación habida na adxudicación do contrato e contra o remanente dispoñible tras a xustificación total do investimento “Acondicionamento ruta peonil e via ciclista Rúa Loureiro- Veigo Louro” (Ref.: 2020029864), incluído no Plan Concellos 2020.*
- *Consta no expediente o compromiso do órgano de contratación de asunción dos custes que poidan xurdir tras a tramitación do proxecto modificado.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)*
- *Lei 9/2017, de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.*
- *Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020*
- *Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.*
- *Acordo do pleno da corporación provincial núm. 7.7705, de 26 de novembro de 2021.*

Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- *Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2020, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.*

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*



- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente:

- Artigo 205 da LCSP, que regula as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, entre as cales se atopa, a necesidade de modificar o contrato por circunstancias sobrevidas non previsibles no momento no que tivo lugar a licitación e, sempre e cando, a modificación non altere a natureza global do contrato e a contía da mesma, aillada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas, non exceda o 50% do prezo inicial, IVE EXCLUIDO.
- Artigo 242 da LCSP, que recolle o procedemento a seguir na tramitación e aprobación dun proxecto modificado.
- Base 20ª do PLAN CONCELLOS 2020 que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar o proxecto modificado que deberá ser aprobado polo Concello e autorizado pola Deputación.
- Acordo do pleno núm. 7.7705, de 26 de novembro de 2021, que estende ata o 30 de abril de 2022 o prazo para modificar os acordos ou as resolucións de concesión por reformulacións de proxectos ou pola tramitación de modificados.

CONCLUSIÓNS

A normativa en materia de subvencións, tanto estatal, autonómica, como a ditada pola propia Deputación, reflicten como característica diferenciadora a afección da axuda pública ao cumprimento dun obxectivo, neste caso, á execución dun proxecto específico. En consecuencia o interese público perseguido coa concesión da subvención queda delimitado polo propio obxecto da finalidade subvencionable.

Á vista da definición de subvención que ofrecen a LXS ou a LSG, no caso de tratarse dun proxecto de obra, a descrición que este fai das actuacións contidas nel delimita a finalidade subvencionable.

Para a concesión da subvención co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA ACONDICIONAMENTO ACCESO PRALA AREEIRO” (Ref.: 2020029886) tívoise en conta un proxecto redactado polo Arquitecto, D. Pedro González Souto, que se estimou suficiente e correcto para deducir o seu carácter e a adecuación á convocatoria do PLAN CONCELLOS 2020.

Visto que tras a adxudicación do investimento, faise necesario realizar unha serie de intervencións non recollidas no proxecto orixinal, que permitan unha mellor adecuación á realidade física e ás necesidades existentes.

Visto que o proxecto modificado se limita a introducir as variacións de carácter non substancial estritamente necesarias para responder ás causas obxectivas que o fan necesario.

Visto que o proxecto modificado, que contén todos os apartados esixidos no artigo 233 da LCSP, supón variación orzamentaria respecto do proxecto orixinal do 19,56%



Visto o informe do enxeñeiro xefe de cooperación, de data 09 de maio de 2022, que conclúe favorablemente a tramitación do modificado,

Por todo o exposto, á vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables, e salvo criterio contrario de intervención provincial, INFORMO FAVORABLEMENTE:

1º A tramitación e a aprobación do proxecto modificado do investimento “MELLORA ACONDICIONAMENTO ACCESO PRAIA AREEIROS” (Ref.: 2020029886) incluído no PLAN CONCELLOS 2020.

2º Autorizar que a baixa acadada na adxudicación do contrato do investimento “MELLORA ACONDICIONAMENTO ACCESO PRAIA AREEIROS” (Ref.: 2020029886), que importa 20.751,44 euros, se aplique no financiamento do proxecto modificado (11.845,84 euros) e no financiamento das asistencias técnicas á dirección de obra (7.211,60 euros) e coordinación de seguridade e saúde (1.694,00 euros).

3º Así mesmo, autorizar que o remanente dispoñible a favor do Concello tras a xustificación do investimento “ACONDICIONAMENTO RUTA PEONIL E VIA CICLISTA RÚA LOUREIRO- VEIGA LOURO” (Ref.: 2020029864), no importe que ascende a 19.296,16 euros, se aplique no financiamento do devandito modificado.

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, a competencia para prestar conformidade ao proxecto modificado atribúese á Xunta de Goberno por ser o órgano que, no seu momento, comprometeu o gasto. Este informe no ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Na data da sinatura electrónica

A xefa do servizo de cooperación

Marina Piñeiro Novo”

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e visto o informe da xefa do servizo de cooperación literalmente transcrito que conclúe favorablemente a tramitación do modificado e o reinvestimento das baixas no seu financiamento, e do informe favorable da Intervención Provincial, de data 27/05/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto modificado do investimento “Mellora acondicionamento acceso a praia Areeiros” (Expte. 2020029886). O proxecto modificado supón unha variación orzamentaria do 19,56% con respecto ao proxecto orixinal.



- Autorizar que a baixa obtida na adxudicación do contrato do investimento “*Mellora acondicionamento acceso a praia Areeiros*” (Expte.2020029886), que importa 20.751,44 €, se aplique no financiamento do proxecto modificado (11.845,54 €); e no financiamento dos honorarios de dirección obra (7.211,60 €) e de coordinación de seguridade e saúde (1.694,00€).
- Autorizar que o remanente a disposición do Concello tras a xustificación total investimento “*Acondicionamento ruta peonil e vía ciclista na Rúa Loureiro, Veiga do Louro*” (Expte. 2020029864), na contía que ascende a 19.296,16 €, se destine ao financiamento do proxecto modificado investimento arriba subliñado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45.2020 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- Así mesmo, de conformidade co acordo do Pleno da Corporación Provincial núm. 7.7705, de data 26 de novembro de 2021, o investimento deberá estar executado a 31 de xullo de 2022 e xustificado a 31 de agosto de 2022. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.31794.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA PEONIL NA E.P. 2106 A RAMALLOSA- PARADA, DENDE O P.Q. 3+200 AO P.Q. 4+195 (CONCELLO DE NIGRÁN)”. (Expte. 2022008814)

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.
2. A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP 2106 A Ramallosa – Parada, que descorre polo *Concello de Nigrán* e ten unha lonxitude de 4.195 m. Esta estrada é de dobre sentido de circulación e de sección variable, conecta A Ramallosa con Parada.



Na marxe dereita do treito comprendido entre o P.Q. 3+200 e o P.Q. 4+195 atopase o Cemiterio e na marxe esquerda a Igrexa de Santiago de Parada. Preténdese construír unha senda peonil nova e novos espazos de tráfico compartido que garantan un itinerario peonil seguro dende a intersección coa Estrada PO-332 pasando polo núcleo de Parada ata o Cemiterio. Con esta finalidade a Deputación de Pontevedra contratou a redacción do proxecto de *“Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa- Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)”*. O resumo do orzamento das obras proxectadas é o seguinte:

Execución material	675.757,62 €
Presuposto base de licitación	804.151,57 €
Presuposto base de licitación con IVE	973.023,39 €

3. O Pleno da Corporación do Concello de Nigrán, na sesión do 28 de marzo de 2022, aprobou o convenio obxecto desta proposta así como o financiamento con fondos propios do 30 por cento (291.907,02 €) do presuposto de licitación das obras, IVE incluído, ademais do importe das expropiacións que ascende a 15.610,86 €.

4. Os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais en data 25-04-2022 supervisaron favorablemente o proxecto e o 26-04-2022 emitiron informe xustificativo das porcentaxes de financiamento e do grao de prioridade das obras.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.



No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do *Tribunal de Cuentas* recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración. 3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	681.116,37€	70
Concello de Nigrán	291.907,02 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	973.023,39 €	100



No caso das expropiacións o seu importe é de 15.610,86 €, e serán financiadas o 100% polo *Concello de Nigrán*, sendo a tramitación do procedemento de expropiación realizado pola Deputación de Pontevedra.

Organismo	Achega	%
Concello de Nigrán	15.610,86 €	100
TOTAL EXPROPIACIÓNS	15.610,86 €	100

A Deputación financiará a súa achega (681.116,37€) con cargo á aplicación 22/456 4530 612.02 do orzamento provincial do ano 2022.

A achega do Concello de Nigrán, por importe de 291.907,02 € (30%) con destino ás obras e de 15.610,86 € con destino ás expropiacións polas que se xerará crédito nas correspondentes aplicacións orzamentarias, financiarase con fondos propios.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Nigrán co seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA PEONIL NA E.P. 2106 A RAMALLOSA-PARADA, DENDE O P.Q. 3+200 AO P.Q. 4+195 .

REUNIDOS

A Sra. María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O Sr. D. Juan Antonio González Pérez, alcalde do Concello de Nigrán, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, cumprindo co deber de asistencia conforme ao que dispón o artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.



III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.*

V.- *A Deputación de Pontevedra é titular da Estrada Provincial E.P. 2106 A Ramallosa- Parada, que transcorre polo Concello de Nigrán e que ten unha lonxitude de 4.195 metros. Conecta A Ramallosa con Parada e é de dobre sentido de circulación e de sección variable. No treito comprendido entre o P.Q. 3+200 e o P.Q. 4+195 atópase na súa marxe dereita o cemiterio e na súa marxe esquerda a Igrexa de Santiago de Parada. Debido os diferentes equipamentos públicos que existen no contorno, trátase dunha zona moi concorrida por peóns, e que na actualidade é insegura para os mesmos. A maiores, dita estrada presenta unha elevada IMD o que dificulta a mellora da seguranza na zona.*

Debido ó mal estado do treito entre o P.Q. 3+200 e o P.Q. 4+195, a Deputación de Pontevedra contratou a redacción do proxecto de “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa- Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)” para dotar a zona de prioridade peonil segura.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Nigrán, e concretamente entre o P.Q. 3+200 e o P.Q. 4+195 da E.P. 2106, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns. As actuacións propostas teñen por finalidade facilitar a prioridade peonil polo que se proxecta a execución dunha senda peonil de 2,50 m. pola marxe dereita en case todo o treito da actuación e unha plataforma única nun treito duns 200 metros de longo tendo en conta as condicionantes da contorna, na cal se prevé a colocación de mobiliario urbano e a reubicación da marquesiña do autobús.

A maiores, o proxecto contempla a execución dunha nova rede de pluviais para a recollida das augas en días de choiva, así como melloras en diversos servizos urbanos como o soterramento das liñas de electricidade e telecomunicacións existentes na actualidade en aéreo e o cambio do alumado.

Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Nigrán para a execución do proxecto de “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa- Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)”.



Segunda.- Importe do convenio

O importe o que se refire a presente actuación ascende a oitocentos catro mil cento cincuenta e un euros con cincuenta e seis céntimos (804.151,56€), máis cento sesenta e oito mil oitocentos setenta e un euros con oitenta e tres céntimos (168.871,83 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de novecentos setenta e tres mil vinte e tres euros con trinta e nove céntimos (973.023,39 €).

A estimación do importe das expropiacións necesarias é de quince mil seiscentos dez euros con oitenta e seis céntimos (15.610,86 €).

Terceira.- Financiamento.

Os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Nigrán mediante a achega das seguintes cantidades:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	681.116,37 €	70
Concello de Nigrán	291.907,02 €	30
TOTAL OBRA	973.023,39 €	100

No caso das expropiacións o seu importe é de 15.610,86 €, e serán financiadas o 100% polo Concello de Nigrán, sendo a tramitación do procedemento de expropiación realizado pola Deputación de Pontevedra.

Organismo	Achega	%
Concello de Nigrán	15.610,86 €	100
TOTAL EXPROPLACIÓNS	15.610,86 €	100

A Deputación financiará a súa achega (681.116,37€) con cargo á aplicación 22/456 4530 612.02 do orzamento provincial do ano 2022.

A achega do Concello de Nigrán, por importe de 291.907,02 € (30%) con destino ás obras e de 15.610,86 € con destino ás expropiacións polas que se xerará crédito nas correspondentes aplicacións orzamentarias, financiarase con fondos propios.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados desta actuación, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.



Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Nigrán obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, canalizacións, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local de aprobación do convenio asumindo o compromiso á que fan referencia os punto 2 e 3 anteriores e concretando o xeito de financiamento da achega municipal para a execución das obras e para as expropiacións.*
- 5) Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (RXE), tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:
- E.P. 2105 Panxón - O Monteferro*
- 6) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- 7) Aboar o importe das expropiacións derivadas do presente convenio, incluídos os posibles incrementos de custo que se produzan nas mesmas durante a tramitación do expediente expropiatorio.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa- Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)” así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) Dirixir, executar e recibir as obras.*
- 3) A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.*
- 4) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*



- 5) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Nigrán faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, proponer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2023.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

Décima.- Resolución.

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei bases de réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia*
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022 e demais normativa de obrigado cumprimento.*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.



E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
María del Carmen Silva Rego,*

*Polo Concello de Nigrán,
Juan Antonio González Pérez,
O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay,*

Segundo.- Facultar á presidenta para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

8.31795.- APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN DOS CENTROS, EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2019007910)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 6 de maio de 2022, acordou resolver o contrato “*Subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión dos centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra*”, subscrito coa empresa *Aura Enerxía, S.L.* (B-65552432), en base á causa establecida no artigo 211, apartado f, da LCSP, pola suspensión de subministración de enerxía eléctrica nos distintos puntos da Deputación de Pontevedra por parte da contratista, co conseguinte traspaso ás comercializadoras de referencia, conforme aos feitos postos de manifesto nos informes CSV: E436AC4GG29QRMS8 e HWCBBE9FQY8FANDP.

No mesmo acordo, previo informe favorable da Secretaría e da Intervención, aprobou a proposta de liquidación do contrato en base ao informe do servizo de Arquitectura (CSV: 1KAKJSLTBHRWFUZO), cun saldo resultante a favor da Deputación de Pontevedra de 268,21 euros, concedendo a dita empresa un prazo de dez días naturais, contados desde o seguinte á notificación, para presentar as alegacións, documentos e xustificacións que estimase pertinentes en defensa dos seus dereitos.

Visto que, transcorrido o período de audiencia, a interesada non presenta alegación ou documentación ningunha.

Visto o informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Baleares, que, no seu acordo de 20 de febreiro de 2014, manifesta o seguinte:

“(…) a liquidación dun contrato é, ao mesmo tempo, unha obriga que ten a Administración de repor ao contratista nos seus haberes, e un dereito do contratista de carácter económico para garantir que recibe integramente o aboamento da prestación levada a cabo e que non existe un desequilibrio económico nin un enriquecemento inxusto de ningunha



das partes do contrato, de maneira que na liquidación do contrato determináanse os saldos a favor ou en contra de cada unha das partes. Neste sentido, pode entenderse que a liquidación dun contrato, que é un acto obrigado en todos os contratos unha vez que finalizaron, de acordo co artigo 205.4 da LCSP, non é ningún procedemento administrativo autónomo nin sequera ten un verdadeiro carácter de procedemento, non supón o exercicio de ningunha potestade sancionadora nin de intervención, e dificilmente pode considerarse que teña efectos desfavorables para o contratista, senón que, atendendo á súa consideración de obriga da Administración e, fundamentalmente, de dereito do contratista, é a consecuencia natural da extinción do contrato, un mero trámite no expediente de contratación, unha fase do contrato (a fase final), ou, dito doutra maneira, un acto ou un procedemento conexo e accesorio da recepción ou finalización do contrato ao cal non lle é de aplicación o artigo 44.2 da Lei 30/1992 nin, por tanto, o instituto da caducidade. Trátase, iso si, dun acto susceptible de recurso(...)

Tendo en conta o informe da Secretaría Xeral, de data 25 de maio do 2022.

Tendo en conta dilixencia de conformidade da Intervención, de data 30 de maio do 2022.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a liquidación do contrato “*Subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión dos centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra*”, resolto polo incumprimento culpable da súa obriga principal por parte da empresa contratista *Aura Energía, S.L.* (B65552432), cun saldo resultante a favor da Deputación de Pontevedra de 268,21 €.
2. Requirir á empresa *Aura Energía, S.L.* (B-65552432) o ingreso da referida cantidade de 268,21€ nos prazos previstos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, contados desde a notificación do presente requirimento:
 - a. Se a notificación realízase entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
 - b. Se a notificación realízase entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

No caso de falta de pagamento en período voluntario, iniciarase a vía de constrinximento.



9.31796.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0407 BORELA-PONTE CALDELAS, ENTRE OS P.Q. 8+775 E O P.Q. 9+000 (CONCELLO DE PONTE CALDELAS)”. (Expte. 2022015054)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da EP-0407 Borela – Ponte Caldelas que descorre polo Concello de Ponte Caldelas e que ten unha lonxitude de 9.000 m.

Resultando.- Que debido ao mal estado da Rúa Lepanto pertencente a estrada EP-0407 e velando pola seguridade tanto dos peóns coma dos vehículos, a Deputación de Pontevedra e o Concello De Ponte Caldelas asinaron na data 18/02/2022 o convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)” cun importe de 255.624,00 €.

Resultando.- Que recolle o convenio que o investimento necesario para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Ponte Caldelas segundo o seguinte detalle:

	Achega	%
Deputación de Pontevedra	178.936,80 €	70
Concello Ponte Caldelas	76.687,20 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	255.624,00 €	100

Resultando.- Que o convenio establece que lle corresponde á Deputación de Pontevedra redactar o proxecto técnico para a execución das obras, dirixir, executar e recibir as obras.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación, providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, dispoñendo que se leven a cabo os trámites necesario para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara antes da licitación o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro adscrito á empresa Proyectegal, Sergio Daniel Orosa López, o proxecto para a execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)”, cun orzamento base de licitación de 255.624,00 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 7GQ2GBID57FQLBFV.



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse o documento RC con número de operación 2022003716 por importe de 178.936,80 € e o documento RC número 202200064717 por importe de 76.687,20 € con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/456.4530.612.02.2021 e 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 20220022669 de data 19/04/2022 aprobouse o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*” redactado polo enxeñeiro adscrito á empresa Proyectegal, D. Sergio Daniel Orosa López, cun orzamento base de licitación de 255.624,00 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 7GQ2GBID57FQLBFV.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adjudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que con data 29/04/2022 emitiu informe o Secretario Xeral da Deputación, recollendo o seguinte: “*...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente tendo en conta as observacións sinaladas no presente informe, en especial, as relativas á explicación da utilización do prezo como único factor para o cálculo da desproporcionalidade...*”

Resultando.- Que con data 13/05/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo o seguinte: “*...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. A pesares de que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...*”

Considerando.- Que en virtude da a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o valor estimado de douscentos mil euros.



Considerando.- Que polo tanto o órgano de Contratación para este contrato en virtude do anteriormente recollido debe de ser a Xunta de Goberno e non a Presidencia, sendo necesaria polo tanto a validación do acto de aprobación do proxecto.

Considerando.- Que o artigo 52 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas recolle que a Administración poderá validar os actos subsanando os vicios de que adoezan.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato”*.

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*.

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Validar a Resolución Presidencial número 2022002669 pola que se aprobou o proxecto para a execución da obra *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)”*.



2. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*” cun orzamento base de licitación de 255.624,00 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	211.259,50 €
IVE (21%).....	44.364,50 €
Importe Total.....	255.624,00 €

3. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): Z5UB0TSI8PKE42FI, e de prescricións técnicas con código (CSV) 7GQ2GBID57FQLBFV, que rexerán neste procedemento.
4. Autorizar o gasto por importe de 255.624,00 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/456.4530.612.02.2021 e 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.
5. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

10.31797.- APROBACIÓN DA REVISIÓN DE PREZOS, MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN ORZAMENTARIA E AXUSTE DOS IMPORTES DAS PRESTACIÓNS P1, P2 E P3 DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA VALORIZA FACILITIES, S.A.U., PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN GLOBAL E INTEGRADA QUE SUPONA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E PRESTACIÓN DE SERVIZOS ENERXÉTICOS NA CIDADE INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE.
(Expte. 2015035902)

A Deputación de Pontevedra e o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), con data de 30 de novembro de 2011, asinaron un “*Convenio de colaboración para a coordinación de actuacións de aforro e eficiencia enerxética e de implantación de enerxías renovables*”. O dito convenio previa a realización de actuacións do Plan de Activación de Empresas de Servizos Enerxéticos (Plan 2000 ESEs) na Cidade Infantil Príncipe Felipe.

O Pleno, na súa sesión ordinaria do día 25 de novembro do ano 2011, acorda iniciar as actuacións previas do expediente de contratación, acudindo á figura do contrato de *colaboración entre o sector público e o sector privado*, co fin de realizar unha actuación global e integrada que mellore a eficiencia e prestación de servizos enerxéticos na Cidade Infantil Príncipe Felipe (en adiante, CIPF).



A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2012, aproba o Documento de Avaliación Previa, o documento descritivo e inicia o expediente de contratación.

Realizados os trámites administrativos correspondentes, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 28 de decembro de 2012, acorda adxudicar o contrato á empresa Valoriza Facilities, S.A.U. (CIF: A-83.709.873) (en diante Sacyr, con motivo do cambio actual da súa denominación) suxeito as seguintes condicións:

	Importe anual (sen IVE)	IVE (21%)	Importe anual (con IVE)
Prezo máximo anual ofertado da xestión enerxética (Prestación P1)	267.720,62 €	56.221,33 €	323.941,95 €
Prezo máximo anual ofertado do Mantemento e Garantía Total (Prestación P2 e P3)	31.660,82 €	6.648,77 €	38.309,59 €
Total PMA	299.381,44 €	62.870,10 €	362.251,54 €

A duración do contrato estableceuse en 10 anos e a formalización prodúcese o día 15 de febreiro de 2013. O contrato entrou en vigor o 1 de marzo do mesmo ano.

Mediante escrito presentado no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra, de data de 14 de setembro de 2015 (Rexistro entrada núm. 2015097101), Sacyr solicita o reaxuste da liña base do contrato debido a un incremento no consumo.

A vista da petición cursada por Sacyr, o Enxeñeiro xefe de mantemento do Centro Príncipe Felipe, emite informe, de data 30 de novembro de 2017, mediante o cal conclúe que existe un incremento significativo entre os consumos definidos no documento descritivo e o promedio de consumo calculado para o ano anterior a entrada en vigor do contrato. Ese incremento considérase que se debe a *axustes non rutinarios* (*este tipo de axustes son os que proveñen da inclusión de condicións que varían de forma predicible e que son importantes para o consumo de enerxía dentro do límite de medida*). Señala que o incremento de consumo é dun 10,74%.

En consecuencia, o Xefe de mantemento conclúe que é preciso levar a cabo un *axuste non rutinario* da fórmula utilizada para o cálculo da liña base supoñendo un incremento do 10,74%, tendo en conta o período de referencia dun ano. O reaxuste da liña base supón un incremento anual de 14.740,44€ (IVE incluído) no importe por ano do contrato.



Realizados os trámites administrativos, a Xunta de Goberno na sesión do día 29 de decembro de 2017 acordou aprobar o axuste rutinario na fórmula utilizada para o cálculo da liña base do presente contrato, polo que, a factura anual viuse incrementada en 14.740,44€ (IVE incluído), sendo o resultado do reaxuste da liña base o seguinte:

Aplicacións orzamentarias	% imputación	Importe IVE incluído
232.2312.221.00-Enerxía Eléctrica (Prestación P1)	39'779%	158.840'48 €
232.2312.221.03-Combustibles e carburantes (Prestación P1)	44'866%	162.527'78 €
232.2312.213.00-Reparación maquinaria, instalacións (Prestacións P2 e P3)	15'355%	55.623'72 €
IMPORTE TOTAL ANUAL	100'000%	376.991'98 €

En consecuencia, os prezos para cada unha das prestacións (P1 e P2 e P3) foron os seguintes:

	Importe anual (sen IVE)	IVE (21%)	Importe anual (con IVE)
Prezo máximo anual ofertado da xestión enerxética (Prestación P1)	279.902,80 €	58.779,59€	338.682,39 €
Prezo máximo anual ofertado do Mantemento e Garantía Total (Prestación P2 e P3)	31.660,82 €	6.648,77 €	38.309,59 €
Total PMA	311.563,62 €	65.428,36 €	376.991,98 €

O custe fixo mensual a facturar pola empresa Valoriza, a partir da data de adxudicación do dito acordo, estableceuse en 31.415,99€, IVE incluído.

Con data de 18 de febreiro de 2019, o xefe do Servizo de Contratación informa que a empresa Sacyr presenta unha solicitude relativa a revisión de prezos para o ano 2019 dando traslado do informe de revisión de prezos achegado pola empresa e solicitando ó Xefe de mantemento do Centro Príncipe Felipe que emita informe sobre a dita solicitude.

En resposta a petición cursada, o xefe de mantemento do Centro Príncipe Felipe emite informe con data de 27 de febreiro de 2019 no cal conclúe que “a revisión de prezos da prestación P1 (Enerxía) proposta pola empresa Sacyr para o ano 2019 é correcta e adecuada, polo que se considera que debe ser aceptada”.



En consecuencia, a Xunta de Goberno, na sesión do día 26 de abril de 2019, adoptou o acordo de revisión de prezos, modificación da distribución orzamentaria e axuste dos importes da prestación P1 do dito contrato, quedando os prezos para cada unha das prestacións (P1 e P2 e P3) de acordo ao seguinte:

Aplicacións orzamentarias	Importe anual (con IVE)	% Imputación
232.2312.221.00-Enerxía Eléctrica (Prestación P1)	139.245,87 €	35,177%
232.2312.221.03-Combustibles e carburantes (Prestación P1)	218.287,42 €	55,145%
232.2312.213.00-Reparación maquinaria, instalacións (Prestacións P2 e P3)	38.309,59 €	9,678%
TOTAIS	395.842,88 €	100,000%

Con data de 04 de febreiro de 2022, mediante escrito presentado no rexistro electrónica da Deputación de Pontevedra, a empresa Sacyr solicita que se leve a cabo unha revisión de prezos para o ano 2022.

En resposta a petición cursada, a técnica de mantemento e o xefe de mantemento do Centro Príncipe Felipe, este último responsable do contrato, emiten informe da proposta de revisión de prezos solicitada por Sacyr e conclúen que “[...] *A revisión de prezos das prestacións P1, P2 e P3 proposta pola empresa Sacyr Facilities, S.A., para o ano 2022 é adecuada pero contén erros de cálculo, co que debe ser aceptada modificando os importes correspondentes indicados no presente informe, e que se resumen na táboa seguinte. Débese ter en conta que, segundo o establecido nos documentos integrantes do contrato, a revisión de prezos ten carácter anual e tomarase como data de inicio do ano a data de inicio do contrato (01/03/2013), polo que a revisión de prezos solicitada será de aplicación dende o 01/03/2022 ata o 28/02/2023, data de finalización do contrato*”.

Con data 11 de abril de 2022 o director Xerente do Centro Príncipe Felipe emite informe proposta no que se incorpora á proposta de revisión de prezos a de modificación da distribución no cadro de financiamento.

De conformidade co disposto no artigo 89.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, aplicable transitoriamente ós contratos adxudicados con carácter previo a entrada en vigor da lei 9/2017 segundo establece a DT 1ª da dita Lei, queda acreditado o transcurso do prazo e porcentaxe de execución para a aplicación da revisión de prezos. De igual xeito, tal e como establece o dito artigo, o prezo revisado será obxecto de aplicación dende o 01 de marzo de 2022.



O Documento Descritivo Final que rexeu no procedemento de contratación, aprobado pola Xunta de Goberno na sesión do día 22 de novembro de 2012, recolle na cláusula 16.2 Revisión anual de prezos as condicións e termos nos que se poderá levar a cabo a revisión do prezo máximo anual (PMA):

“16.2 Revisión anual del precio.

Los dos términos que componen el precio máximo anual (PMA) se podrán revisar anualmente en función de lo establecido a continuación:

Revisión anual prestación P2 y P3 (mantenimiento y garantía total)

El precio de la prestación P2 y P3 se podrá revisar anualmente, una vez finalizado el primer año de contrato y tomando como referencia el 0,85 del IPC (índice de precios al consumo).

Revisión anual prestación P1

El precio de la prestación P1 se revisará anualmente en función de la siguiente fórmula:

$$P1_n = P1_{n-1} \times (a \times (G_n / G_{n-1}) + b \times (E_n / E_{n-1}) + c \times (B_n / B_{n-1}))$$

En la cual:

$P1_n$ = Precio de la prestación P1 en el año n (€/año n).

$P1_{n-1}$ = Precio total abonado de la prestación P1 en el año $n-1$ (€/año $n-1$).

G_{n-1} = Precio del Gas Natural correspondiente al año $n-1$ (media del coste de C_{bmp} GN del correspondiente al año $n-1$ publicado).

G_n = Precio del Gas Natural del año que se revise. (se tomará la media del C_{bmp} GN publicado del año n)

E_{n-1} = Precio de la Electricidad. Se tomará el precio medio del kWh del año $n-1$

E_n = Precio de la Electricidad del año que se revise. Se tomará el menor precio de tres ofertas, que presentará el adjudicatario a los responsables del centro, para el precio medio del kWh para el año n

B_{n-1} = Precio de la biomasa en el año $n-1$

B_n = Precio de la biomasa del año n , que se calcula como $B_n = B_{n-1} \times (1 + (IPC + 0,01))$

G_n (precio de Gas Natural) = coste base de la materia prima GN (C_{bmp} GN), variable utilizada para actualizar las tarifas y primas de los subgrupos a.1.1 del régimen especial de producción eléctrica y publicada en el Boletín Oficial del Estado (BOE).

E_n (precio de la electricidad) = se calculará con el menor precio del kWh de tres ofertas de electricidad que presente el adjudicatario al centro. La Diputación de Pontevedra podrá contrastar la evolución de estas variaciones del precio medio con los informe sobre el precio de la electricidad publicados periódicamente por organismos oficiales (Eurostat, CNE, ...) para consumidores de características similares a las del centro. En el caso de que existan discrepancias en las estimaciones del incremento anual del precio de la electricidad del centro, la Diputación de Pontevedra podrá solicitar una cuarta oferta a un suministrador eléctrico y se tendrá que actualizar el precio conforme al menor precio del kWh de las cuatro ofertas obtenidas.

En caso de que alguno de los índices de referencia anteriores dejara de ser publicados durante la vigencia del contrato, el adjudicatario deberá proponer y acordar con la Diputación de Pontevedra unos nuevos equivalentes que los sustituyan.

Los coeficientes a , b y c representan en tanto por uno el coeficiente de ponderación del suministro de gas natural, electricidad y biomasa respectivamente, sobre el suministro energético total según los datos para el año base.



Para el primer año de contrato se consideran los siguientes índices:

$a = 0,375$ (tanto por uno del suministro de gas natural sobre el suministro energético total).

$b = 0,25$ (tanto por uno del suministro de electricidad sobre el suministro energético total)

$c = 0,375$ (tanto por uno del suministro de biomasa sobre el suministro energético total).

Los coeficientes anteriores, a , b , c se podrán revisar para adecuarse a la demanda de cada una de las fuentes de energía después del primer año de funcionamiento. Para ello, el adjudicatario deberá proponer de forma justificada los posibles nuevos coeficientes a aplicar. Una vez presentada la propuesta justificada, La Diputación de Pontevedra elegirá entre quedarse con los iniciales o cambiar a los nuevos coeficientes para el resto del periodo de vigencia del contrato.

La revisión de cada uno de los componentes de la fórmula de revisión de precios se propondrán a la Diputación de Pontevedra el último mes del año $n-1$ y durante este mes, la Diputación de Pontevedra deberá dar su conformidad”.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 3 de maio de 2022.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 25 de marzo de 2022.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a revisión de prezos para cada unha das prestacións (P1 e P2 e P3) quedan establecidos como segue:

	Importe anual (sen IVE)	IVE (21%)	Importe anual (con IVE)
Prezo da xestión enerxética (Prestación P1)	595.996,74 €	125.159,32€	721.156,06 €
Prezo do Mantemento e Garantía Total (Prestación P2 e P3)	33.410,08 €	7.016,12 €	40.426,20 €
Total PMA	629.406,82 €	132.175,44 €	761.582,26 €

Segundo o establecido nos documentos integrantes do contrato, a revisión de prezos ten carácter anual e tomarase como data de inicio do ano a data de inicio do contrato (01/03/2013), polo que a revisión de prezos solicitada será de aplicación dende o 01/03/2022 ata o 28/02/2023, data de finalización do contrato.



2.- Aprobación da modificación da distribución do financiamento nas aplicación orzamentarias, quedando dita imputación da seguinte forma:

Aplicacións orzamentarias	Importe anual	Ano 2022 Importe con IVE (10 meses)	Ano 2023 Importe con IVE (2 meses)	% Imputación
232.2312.221.00-Enerxía Eléctrica (Prestación P1-Enerxía eléctrica)	280.863,00€	234.052,50 €	46.810,50€	36,879%
232.2312.221.03-Combustibles e carburantes (Prestación P1- Gas Natural e Biomasa)	440.293,06€	366.910,89€	73.382,17€	57,813%
232.2312.213.00-Reparación maquinaria, instalacións (Prestacións P2 e P3-Mantemento e Garantía)	40.426,20€	33.688,50€	6.737,70€	5,308%
TOTAIS	761.582,26€	634.651,89€	126.930,37€	100,000%

No que respecta a financiación do contrato para a anualidade 2023 quedará condicionada a existencia de crédito nas aplicacións 232.2312.221.00, 232.2312.221.03 e 232.2312.213.00 do correspondente orzamento provincial.

11.31798.- APROBACIÓN DE PRORROGA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “PLAN MÓVESE. MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA. FASE III. LOTE 3-ZONA SUR”. (Expte. 2020019248)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 26/03/2021 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES RAFER, S.L., o contrato obra “Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote3-Zona Sur”, por un importe de 980.204,22 € IVE Incluído e un prazo de execución de DOCE (12) MESES.

Con data 05/05/2021 formalizouse acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 05/05/2022.

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 6 de maio de 2022 acordou conceder á empresa CONSTRUCCIONES RAFER, S.L. unha prórroga de UN (1) MES, na execución do contrato de obras “Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade segura .Fase III. Lote3-Zona SUR, establecendo coma data para finalizar a obra do día 05/06/2022.



Con data 20/05/2022 tivo entrada a través do rexistro Web da Deputación, escrito do contratista solicitando unha nova ampliación no prazo de execución da obra de UN MES E DEZ DÍAS, debido a que unicamente falta por executar a colocación das luminarias debido ó retraso provocado pola falla de subministros da empresa provedora xerado pola guerra de Ucraia, estimando dita empresa que a entrega demorarase ata os primeiros días do mes de xullo.

Resultando.- Que con data 24/05/2022 emitiu informe o director de obra, recollendo os seguinte: *“...esta dirección facultativa considera que as causas alegadas dedemora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra en UN (1) MESES E DEZ DIAS...”*

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Vicesecretario da Deputación e o Interventor informando favorablemente o expediente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: *“...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”*

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: *“1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”*

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa *Construcciones Rafer, S.L.* unha prórroga de un (1) mes e dez días, na execución do contrato de obras “*Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote3-Zona SUR*”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 15/07/2022.

12.31799.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DOS LOTES 2 E 4 DO “SERVIZO DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO TIC EMPRENDES COFINANCIADO POLO FSE NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO XUVENIL AXUDAS EMP-POEJ”.
(Expte.2021037627)

A Xunta de Goberno, na sesión do 29 de outubro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado do Servizo de formación no marco do proxecto Tic Emprendes (Expte. 349-299226) cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil de axudas EMP-POEJ que comprende 7 accións formativas incluídas en 4 itinerarios formativos. Ditas accións son as seguintes:

Nº	Denominación itinerario formativo	Nº edicións
Lote 1	Competencias dixitais en ofimática	2
Lote 2	Marketing dixital: estratexias SEO, SEM, Redes sociais e análise de tráfico Web	1
Lote 3	Community Manager	2
Lote 4	Operario de xestión lóxística e dixital de almacén (con módulo de carretilleiro)	2

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (íntegrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29/10/2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 18/11/2021, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e a documentación correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, presentados polas empresas licitadoras, acordando admitir as empresas que a continuación se relacionan, e acordando así mesmo dar traslado da documentación correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor aos técnicos do Servizo de Cooperación para a súa valoración.



Empresas admitidas:

- Sararte SL (Lotes 1,2,3 e 4)
- G12 Grupo Empresarial de Servicios SL.-CIF B-36.993.509 (Lote 1)
- Península Corporate Innovation SL.- CIF B-66.585.613 (Lotes 1, 2 e 3)
- Hedima DN Formación SLU.-CIF B-82.651.514 (Lotes 1, 2, 3 e 4)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na sesión ordinaria do día 29 de abril de 2022, acordou non adxudicar os lotes nº1 “*Competencias dixitais en informática*” e nº 3 “*Community manager*”.

A Xefa do Servizo de Cooperación Municipal, Dona Marina Piñeiro Novo, con data 2 de maio de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas nos lotes números 2 e 4 co seguinte resultado:

LOTE 2	Marketing dixital: estratexias SEO, SEM, Redes sociais e análise de tráfico web	HEDIMA DN FORMACIÓN S.L.U.	PENINSULA CORPORATE INNOVATION S.L.	SARARTE, S.L. (Formaciona)	
1.	<i>Características da solución proposta</i>	Máx.17 puntos	9	4,5	15
	1.1. Estratexia de captación de persoas	Máx. 6 puntos	4	1,5	5,5
	1.2. Plan formativo	Máx. 6 puntos	2	3	5,5
	1.3. Material de prácticas e material de oficina	Máx. 5 puntos	3	0	4
2.	<i>Xestión e desenvolvemento do proxecto</i>	Máx. 8 puntos	4	5	6
	Total sobre “A” Lote 2.	Total Puntos 25	13	9,5	21

LOTE 4	Operario de xestión loxística e dixital de almacén (con módulo de carretilleiro)	HEDIMA DN FORMACIÓN S.L.U	SARARTE, S.L. (Formaciona)	
1.	<i>Características da solución proposta</i>	Máx. 17 puntos	11	15
	1.1. Estratexia de captación de persoas	Máx. 6 puntos	4	5,5
	1.2. Plan formativo	Máx. 6 puntos	2	5,5
	1.3. Material de prácticas e material de oficina	Máx. 5 puntos	5	4
2.	<i>Xestión e desenvolvemento do proxecto</i>	Máx. 8 puntos	4	6
	Total sobre “A” Lote 4.	Total Puntos 25	15	21



A Mesa de contratación na reunión celebrada o día 05/05/2022 acordou prestar conformidade as citadas puntuacións e así mesmo acordou que non se proceda á apertura do sobre “B”, correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada pola empresa Península Corporate Innovación, S.L., para optar á adxudicación do lote número 2 deste procedemento aberto simplificado, con motivo de non acadar un mínimo do 50% da puntuación máxima (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas, de conformidade co establecido na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A Mesa de contratación na mesma reunión procede á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.

A continuación procedese á valoración dos criterios avaliados automaticamente de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Lote 2.- Puntuación criterios automáticos				
Empresas	1.- Prezo unitario ofertado	2.-Nº horas titorización ofertadas	3.-Certificación calidade (ISO 9001 ou equivalente)	Total criterios automáticos
Hedima DN Formación SLU	35,946	20,00	10,00	65,946
Sararte SL	45,00	20,00	10,00	75,00

Lote 4.- Puntuación criterios automáticos				
Empresas	1.- Prezo unitario ofertado	2.-Nº horas titorización ofertadas	3.-Certificación calidade (ISO 9001 ou equivalente)	Total criterios automáticos
Hedima DN Formación SLU	24,673	20,00	10,00	54,673
Sararte SL	45,00	20,00	10,00	75,00

En base as citadas puntuacións a Mesa de Contratación acorda:

1.-Propor ao órgano de contratación a exclusión da oferta presentada pola empresa PENINSULA CORPORATE INNOVATION S.L. ao lote nº2 ao non acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.



2.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas o procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de formación no marco do proxecto TIC Emprendes cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil axudas EMP-POEJ, correspondente aos lotes nº 2 e nº 4 que queda da seguinte forma:

Lote 2.- Marketing dixital estratexias SEO, SEM, Redes sociais e análise de tráfico web.

Empresas	Posición	Puntuación total
Sararte SL	1ª	96,00
Hedima DN Formación SLU	2ª	78,946

Lote 4.- Operario de xestión loxística e dixital de almacén (con módulo de carretilleiro)

Empresas	Posición	Puntuación total
Sararte SL	1ª	96,00
Hedima DN Formación SLU	2ª	78,946

3.- Propor ao órgano de contratación a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de formación no marco do proxecto TIC Emprendes cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil axudas EMP-POEJ, correspondente aos lotes 2 e 4 a empresa Sararte SL (CIF B-70.223.599) polos prezos e valores ofertados para cada un dos lotes.

O Secretario da Mesa de contratación require á empresa. Sararte SL (CIF B-70.223.599), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Sararte SL (CIF B-70.223.599), presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución das correspondentes garantías definitivas polo importe de 432,60 € (carta de pago núm. operación 202200110625, do 25/05/2022) correspondente ao lote nº2 e polo importe de 797,60 € (carta de pago núm. operación 202200110622, do 25/05/2022) correspondente ao lote nº 4.

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación á oferta presentada pola empresa *Peninsula Corporate Innovation S.L.* ao lote nº2 ao non acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

2.- Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de formación no marco do proxecto Tic Emprendes (Expte 349-299226) cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil de axudas EMP-POEJ, correspondente aos lotes nº2.- Marketing dixital estratexias SEO, SEM, Redes sociais e análise de tráfico web (1 edición) e nº 4 Operario de xestión lóxística e dixital de almacén con módulo de carretilleiro (2 edicións) á empresa Sararte SL (CIF B-70.223.599), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

- Prezo total ofertado:

Lote 2.- Marketing dixital: estratexias SEO, SEM, Redes sociais e análise de tráfico Web

	Prezo por acción formativa	Prezo total contrato
Lote 2	8.652,00 €	8.652,00 €

Lote 4.- Operario de xestión lóxística e dixital de almacén (con módulo de carretilleiro).-2 edicións.

	Prezo por acción formativa	Prezo total contrato (2 edicións)
Lote 4	7.976,06 €	15.952,12 €

Estas cantidades están exentas de IVE de conformidade co disposto no artigo 20 da *Lei 37/1992 de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido*.

- Número de horas de titorización e orientación ofertadas para favorecer a inserción profesional por conta allea ou por conta propia que cumpran los requisitos mínimos definidos en el apartado “4.1.3 Titorías e orientación para a inserción profesional” do PPT.



- Número de horas de titorías e orientación para favorecer a inserción profesional por conta allea en cada unha das accións formativas.

Nº DE HORAS OFERTADAS	
15 horas	
20 horas	
30 horas	X

- Número de horas de titorías e orientación para favorecer a inserción profesional con proxectos de emprendemento en cada unha das accións formativas.

Nº DE HORAS OFERTADAS	
15 horas	
20 horas	
30 horas	X

- Certificación que acredite a calidade no control e xestión do desenvolvemento de actividades formativas.

Certificación en calidade	SÍ	NON
A empresa acredita a posesión vixente certificación que acredite a calidade no control e xestión do desenvolvemento das actividades formativas., Certificación ISO 9001 ou equivalente	X	

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo co seguinte detalle:

Fondos propios	Fondo social europeo
8,11 %	91,89 %

Aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria
2022	942.2410.227.06.2019



Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento do contrato realizarase de acordo cos seguintes fitos de facturación:

FITO	IMPORTE A FACTURAR
Ao remate da acción formativa e despois da entrega dos documentos definidos no apartado "6.6.3. Ao final da acción formativa" do PPT.	90% do importe de adxudicación correspondente á acción formativa rematada.
Transcorridos 6 meses desde o remate da acción formativa e despois de ter entregados os documentos definidos no apartado "6.6.4	O 10% restante correspondente ao importe de adxudicación da acción formativa rematada.

** A Deputación de Pontevedra non se compromete a que se leven a cabo tódalas accións formativas previstas dado que isto dependerá de que o número de alumnos/as seleccionados/as acade o mínimo de 15 persoas esixidas para cada unha polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública e na memoria técnica do proxecto TIC EMPRENDES.*

En caso de non acadar o referido número mínimo de 15 persoas non se levarán a cabo as accións formativas e, polo tanto, a/as empresa/s adxudicataria/s non terán dereito ao cobro de ningunha cantidade.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2021037627.- Lote N° _____		
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



Responsable do contrato: a Xefa do Servizo de Cooperación.

A empresa adxudataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

13.31800.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE, CONFEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SERVIZO DE FORMACIÓN DO PROXECTO LABORA 2020 (2ª CONVOCATORIA), DENTRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FONDO SOCIAL EUROPEO, DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A INSERCIÓN DAS PERSOAS MÁIS VULNERABLES, COFINANCIADO NUN 80% POLO FSE (LOTE 1)” (Expte. 2020031675) (Devogarán 2022033567)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2021 (CSV.- AJZ88F1C7L53AP2Q), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª Convocatoria), de axudas do FSE, destinadas a entidades locais para a inserción de persoas máis vulnerables (Lote 1)*”.

Para responder da realización do deste servizo, a entidade mercantil *Confederación de Empresarios de Pontevedra* (CIF.- G-36615219), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 4.000,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100018823 de 02/02/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que se xustifica o cumprimento da acción formativa do itinerario do Proxecto LABORA 2020 -2ª Convocatoria- (Lote 1), polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *Confederación de Empresarios de Pontevedra*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª Convocatoria), de axudas do FSE, destinadas a entidades locais para a inserción de persoas máis vulnerables (Lote 1)*” (Expte. 2020031675), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval bancario da entidade *ABANCA*, por importe de 4.000,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial con número de operación 202100018823 de data 02/02/2021.

14.31801.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA UTE NORFORMACIÓN, S.L. - NAVUXIL, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SERVIZO DE FORMACIÓN DO PROXECTO LABORA 2020 (2ª CONVOCATORIA), DENTRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FONDO SOCIAL EUROPEO, DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A INSERCIÓN DAS PERSOAS MÁIS VULNERABLES, COFINANCIADO NUN 80% POLO FSE (LOTE 8)” (Expte.2020031675) (Devogarán 2022033572)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2021 (CSV.- AJZ88F1C7L53AP2Q), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª Convocatoria), de axudas do FSE, destinadas a entidades locais para a inserción de persoas máis vulnerables (Lote 1)*”.

Para responder da realización do deste servizo, a entidade mercantil *UTE Norformación, S.L. (CIF:B-36343218) – Navuxil, S.L. (B-36982312)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe global de 5.470,00€.

- 4.308,17€ depositados pola empresa *Norformación, S.L.*, segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100018402 de 01/02/2021.



- 1.161,83€ depositados pola empresa *Navuxil, S.L.*, segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100018425 de 29/01/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que se xustifica o cumprimento da acción formativa do itinerario do Proxecto *LABORA 2020 -2ª Convocatoria-* (Lote 8), polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil UTE NORFORMACIÓN, S.L. (CIF.- B-36343218) – NAVUXIL, S.L. (B-36982312), de dúas garantías definitivas parciais que suman un importe total de 5.470,00€, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª Convocatoria), de axudas do FSE, destinadas a entidades locais para a inserción de persoas máis vulnerables (Lote 8)*” (Expte. 2020031675), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas, por un importe total de 5.470,00 €, e que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en valores pola empresa *Norformación, S.L.* (CIF:B-36343218), mediante aval bancario da entidade *ABANCA*, por importe de 4.308,17 €, para responder da parte parcial de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial con número de operación 202100018402 de data 01/02/2021.
- o A garantía definitiva constituída en valores pola empresa *Navuxil, S.L.* (B-36982312), mediante aval bancario da entidade *ABANCA*, por importe de 1.161,83 €, para responder da parte parcial de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial con número de operación 202100018425 de data 29/01/2021.



15.31802.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ACADEMIA POSTAL 3 VIGO, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SERVIZO DE FORMACIÓN DO PROXECTO LABORA 2020 (2ª CONVOCATORIA), DENTRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FONDO SOCIAL EUROPEO, DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A INSERCIÓN DAS PERSOAS MÁIS VULNERABLES, COFINANCIADO NUN 80% POLO FSE (LOTES 15 E 19)” (Expte. 2020031675) (Devogarán 2022033589).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2021 (CSV.- AJZ88F1C7L53AP2Q), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª Convocatoria), de axudas do FSE, destinadas a entidades locais para a inserción de persoas máis vulnerables (Lotes 15 e 19)*”.

Para responder da realización dos lotes 10 e 21 deste servizo, a entidade financeira *Academia Postal 3 Vigo, S.L.* (CIF.- B-36.795.565), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos seguintes importes:

EMPRESA	LOTE	DENOMINACIÓN	IMPORTE
ACADEMIA POSTAL 3 VIGO, S.L. (B-36993509)	15	Docencia da formación profesional para o emprego (Pontevedra 2 edicións)	3.502,00€
	19	Xestión de chamadas de teleasistencia Pontevedra (2 edicións)	3.385,80€

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que se xustifica o cumprimento da acción formativa do itinerario do Proxecto LABORA 2020 -2ª Convocatoria- (Lotes 15 e 19), polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución das garantías definitivas constituídas ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións por parte da entidade financeira *Academia Postal 3 Vigo, S.L.*, dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e nos que igualmente informa favorablemente ás devolucions das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª Convocatoria), de axudas do FSE, destinadas a entidades locais para a inserción de persoas máis vulnerables*” (Expte. 2020031675), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade financeira *Academia Postal 3 Vigo, S.L.*, por resultar adxudicataria dos LOTES 15 E 19 de dito contrato e que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SANTANDER*, por importe de tres mil cincocentos dous euros (3.502,00 €), para responder do contrato de “*Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª Convocatoria), de axudas do FSE, destinadas a entidades locais para a inserción de persoas máis vulnerables (Lote 15)*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 04/02/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100019542.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SANTANDER*, por importe de tres mil trescentos oitenta e cinco euros con oitenta céntimos (3.385,80 €), para responder do contrato de “*Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª Convocatoria), de axudas do FSE, destinadas a entidades locais para a inserción de persoas máis vulnerables (Lote 19)*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 04/02/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100019560.

16.31803.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SERVIZO DE FORMACIÓN DO PROXECTO LABORA 2020 (2ª CONVOCATORIA), DENTRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FONDO SOCIAL EUROPEO, DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A INSERCIÓN DAS PERSOAS MÁIS VULNERABLES, COFINANCIADO NUN 80% POLO FSE (LOTE 16)” (Expte. 2020031675). (Devogarán 2022033568)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2021 (CSV.- AJZ88F1C7L53AP2Q), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª Convocatoria), de axudas do FSE, destinadas a entidades locais para a inserción de persoas máis vulnerables (Lote 16)*”.

Para responder da realización do deste servizo, a entidade mercantil *G12 Grupo Empresarial de Servicios, S.L.* (CIF.- B-36993509), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 3.502,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100019551 de 04/02/2021.



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que se xustifica o cumprimento da acción formativa do itinerario do Proxecto LABORA 2020 -2ª Convocatoria- (Lote 16), polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *G12 Grupo Empresarial de Servicios, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª Convocatoria), de axudas do FSE, destinadas a entidades locais para a inserción de persoas máis vulnerables (Lote 16)*” (Expte. 2020031675), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval bancario da entidade *BBVA*, por importe de 3.502,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial con número de operación 202100019551 de data 04/02/2021.

17.31804.-DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA SYSTEM VILAGARCÍA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SERVIZO DE FORMACIÓN DO PROXECTO LABORA 2020 (2ª CONVOCATORIA), DENTRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FONDO SOCIAL EUROPEO, DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A INSERCIÓN DAS PERSOAS MÁIS VULNERABLES, COFINANCIADO NUN 80% POLO FSE (LOTE 17)” (Expte.2020031675) (Devogarán2022000033)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2021 (CSV.- AJZ88F1C7L53AP2Q), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª Convocatoria), de axudas do FSE, destinadas a entidades locais para a inserción de persoas máis vulnerables (Lote 17)*”.



Para responder da realización do deste servizo, a entidade mercantil *System Vilagarcía, S.L.* (CIF.- B-36751669), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 1.652,67€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100018465 de 01/02/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que se xustifica o cumprimento da acción formativa do itinerario do Proxecto LABORA 2020 -2ª Convocatoria- (Lote 17), polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *System Vilagarcía, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª Convocatoria), de axudas do FSE, destinadas a entidades locais para a inserción de persoas máis vulnerables (Lote 17)*” (Expte. 2020031675), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 1.652,67 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial con número de operación 202100018465 de data 01/02/2021.

18.31805.- DAR CONTA DO APRAZAMENTO DA DATA DE INICIO DO CONTRATO “ARRENDAMENTO DO LOCAL DA OFICINA PERIFÉRICA DE SANXENXO DO ORAL” (Expte. 2021050863)

Vista a proposta da Dirección de Servizos do ORAL que obra no expediente co seguinte teor:

“En data 22 de abril de 2021, a Directora de Servizos do ORAL asina informe proposta, co visto e prace do deputado delegado, para iniciar os trámites para a contratación do arrendamento dun local para emprazar a oficina periférica do ORAL no Concello de Sanxenxo, a través dun concurso público e procedemento aberto (Expte 2021005325), posto que o local onde se estaban a prestar os servizos, situado en Rúa Carlos Casas, 8 de Sanxenxo, acumulaba unha serie de problemas tal e como se desprendía do informe do Servizo de prevención de riscos laborais da Deputación.



A Xunta de Goberno desta Deputación, mediante asunto número 11.30786, acordou en sesión ordinaria de data 20 de setembro de 2021, a exclusión dos licitadores presentados á licitación do expediente con número 2021005325, por non cumprir cos requisitos esixidos nos pregos, declarando deserto o concurso público. En aras de seguir prestando un servizo público continuado, e tendo en conta a circunstancia de que o concurso público quedara deserto e que se seguía buscando un local que cumprira os requirimentos técnicos esixidos na licitación en Sanxenxo, formalizouse un novo contrato cos propietarios do local sito en Rúa Carlos Casas, nº 8 - baixo.

Despois de realizar visitas a varios locais da zona, e unha vez localizado un local que cumpría todos os requisitos técnicos esixidos na licitación, tal como informou o Servizo de Arquitectura da Deputación, a Xunta de Goberno, mediante acordo de data 17 de decembro de 2021, adjudicou o “contrato patrimonial de arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no Concello de Sanxenxo (Rúa dos Mariñeiros, esquina Rúa Consistorio nº C-1, baixo)” (Expte. 2021050863), á entidade Rodonita, S.L., NIF B-15.631.765.

No informe emitido polo Servizo de Arquitectura referente a este local, indícase, entre outros aspectos, que:

- O local atópase en desuso, polo que ten dispoñibilidade inmediata; (*segundo información facilitada, anteriormente desenvolveuse unha actividade de carácter administrativo de oficina bancaria*).
- A instalación de electricidade atópase en aparente bo estado, resultando necesaria a revisión por especialista cualificado. Conta con tomas de correntes e de datos suficientes.
- No falto de teito existen varias reixas do sistema de climatización/ventilación por condutos. Existe unha unidade interior, así como, exterior apegada en fachada. Non se puido comprobar o seu funcionamento, dado a inexistencia de alta na corrente eléctrica no establecemento.

Tamén se informa que serían precisas a realización dunha serie de obras de adecuación do inmovible (revisión da instalación eléctrica, climatización, instalación de medios de protección contra incendios, pintado do local etc.).

Unha vez recibidas as chaves do local, en data 13 de xaneiro de 2022, o Servizo de Arquitectura comprobou que non era posible dar de alta a luz do local por non dispoñer do boletín de industria. Este boletín foi requirido á entidade Rodonita, S.L. a través de varios correos electrónicos de datas 18 de xaneiro, 3 de febreiro e 8 de febreiro de 2022.

O 9 de febreiro de 2022 a entidade Rodonita comunica o CUPS que tiña asignado o local no seu día e a potencia contratada, pero non achega o boletín de industria por non dispoñer del. Esta información foi trasladada ao Servizo de Arquitectura o 10 de febreiro. En data 16 de febreiro de 2022 a Deputación aproba resolución presidencial pola que se acorda aboar os dereitos de extensión a UFD Distribución Electricidad, S.A. empresa distribuidora de enerxía, por importe de 315,35 €.



En data 16 de febreiro de 2022, o Servizo de Arquitectura inicia os trámites para contratar o subministro eléctrico, solicitando presuposto á empresa Comercializadora regulada gas & power, que comunica, na mesma data, que non é posible iniciar o proceso de contratación sen dispoñer do boletín de industria. Finalmente o Servizo de Arquitectura consultando con outras empresas, asina o contrato coa compañía Xenera o 21 de marzo de 2022 (número de contrato 20220321005). A compañía Xenera, mediante correo de data 24 de marzo, comunica que o local xa dispón de luz e achega factura por importe de 366,17 €, en concepto de dereitos de acceso e enganche.

En relación ao subministro de auga, comprobouse que o local tampouco estaba dada de alta, polo que desde o ORAL fixéronse as xestións necesarias, tendo que abonar os gastos correspondentes ao subministro e instalación do contador por parte da empresa Espina y Delfín, gastos que ascenden a un total de 136,46 €.

Por parte da propiedade do local, Rodonita, S.L. e pola Deputación de Pontevedra, asinouse acta de dispoñibilidade efectiva do local con data de efectos desde o 24 de marzo de 2022, data na que se puido dispoñer efectivamente de corrente eléctrica e auga no local, dado que ata ese momento non se cumpriron os requisitos de dispoñibilidade inmediata e habitabilidade do local, tal e como se prevía cando se formalizou o contrato. Ambas partes acordan, de mutuo acordo:

- Que o contrato inicie os seus efectos o 24 de marzo de 2022, data na que se puido dispoñer efectivamente de corrente eléctrica e auga no local, dado que ata ese momento non se cumpriron os requisitos de dispoñibilidade inmediata e habitabilidade do local, tal e como se prevía cando se formalizou o contrato.
- Que a entidade Rodonita, S.L. se faga cargo dos gastos correspondentes á alta da luz e auga do local e que ascenden a un total de 817,98 € (136,46 € contador a Espina y Delfín, 315,35€ dereitos de extensión a UFD distribución electricidade e 366,17 € de dereitos de acceso e enganche a Enerxía compañía eléctrica), descontando a Deputación este importe nas próximas facturas que emita a entidade arrendadora.

Segundo o estipulado na Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos, en relación aos arrendamentos para uso distinto de vivenda, que está regulado no título III desta Lei, artigos 29 a 35., no seu art. 30 se cita textualmente : *“Artigo 30. Conservación, mellora e obras do arrendatario. O disposto nos artigos 21, 22, 23 y 26 desta lei será tamén aplicable aos arrendamentos que regula o presente Título. Tamén o será o disposto no artigo 19 desde o comezo do arrendamento.”*

De conformidade co establecido no artigo 26 da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos, en relación coa habitabilidade do inmovible: *“Cando a execución na vivenda arrendada de obras de conservación ou de obras acordadas por unha autoridade competente a fagan inhabitable, terá o arrendatario a opción de suspender o contrato ou de desistir do mesmo, sen indemnización algunha. A suspensión do contrato suporá, ata a finalización das obras, a paralización do prazo do contrato e a suspensión da obriga de pago da renda”.*



A teor do establecido na base 7 bis da disposición adicional V das Bases de execución do orzamento desta Deputación do actual exercicio, e salvo informe contrario fundamentado en dereito, esta Dirección de Servizos do ORAL eleva á Presidencia da Deputación a seguinte PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno do aprazamento da data de inicio do contrato ao día 24 de marzo de 2022, data na que se puido dispoñer efectivamente de corrente eléctrica e auga no local, dado que ata ese momento non se cumpriron os requisitos de dispoñibilidade inmediata e habitabilidade do local, tal e como se prevía cando se formalizou o contrato. A entidade Rodonita, S.L. farase cargo dos gastos correspondentes á alta da luz e auga do local e que ascenden a un total de 817,98€ (136,46 € contador a Espina y Delfín, 315,35 € dereitos de extensión a UFD distribución electricidade e 366,17€ de dereitos de acceso e enganche a Enerxia compañía eléctrica), descontando a Deputación este importe nas próximas facturas que emita a entidade arrendadora.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

19.31806.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA “ESCUELA WATERPOLO MOAÑA” Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “TORNEO WATERPOLO NADAL 2021” (Expte. 2021023111)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor da *Escola Waterpolo Moaña* con NIF: G01977727 do *Concello de Moaña*, por un importe de 699,21 € para o “*Torneo Waterpolo Nadal 2021*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022031669 con data 24/05/2022 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

20.31807.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO “BAIÑA F.S.” Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “XI TORNEO INTERNACIONAL FS VILA DE BAIONA” (Expte. 2021024681)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *Baiña Fs* con NIF: G36981140 do *Concello de Baiona*, por un importe de 546,71€ para a “*XI Edición Torneo Internacional Fs Vila de Baiona*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 202231796 con data 24/05/2022 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



21.31808.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

A) Vista a relación de facturas con número 2022038787 que contén unha factura e por un importe de 1.512,50 € e con CSV: EMN5F19TVX3MMQCW, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 26 de maio de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	1.512,50 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	1.512,50 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

B) Vista a relación de facturas con número 2022038799 que contén 23 facturas e por un importe de 21.266,76€ e con CSV: GYFNHCPZTH4IP2Y5, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 26 de maio de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	22.069,26 €
Descontos do IRPF.....	802,50 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	21.266,76 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



22.31809.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE VILABOA (EXPT. 2022035562)

Dada conta que con data 12/05/2022 (núm. rex. WEB2022030094) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D^a. María Sanjuán Carril en representación de D^a. Concepción Tirado Vidal, por danos en vehículo producidos a consecuencia dunha mancha de gasóleo sobre a calzada, á altura do p.k. 0,7 da estrada E.P. 0103 de N-550 a Lago de Castiñeiras, no Concello de Vilaboa, o día 19/12/2020, a cal foi cuantificada economicamente en 2.724,84 €

Resultando.- Que segundo o relatado pola reclamante na instancia, así como no informe estatístico do Destacamento de Vilaboa, o accidente tivo lugar o día 19/12/2020, un ano e medio antes da presentación da reclamación de responsabilidade patrimonial.

Resultando.- Que xunto coa documentación que acompaña á instancia, aporta a reclamante copia da solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial presentada contra o Concello de Vilaboa na data 07/04/2021, a día de hoxe sen resolver segundo manifesta.

Resultando.- Asemade, achega a reclamante o informe estatístico elaborado polo Destacamento de Vilaboa no que se recolle que a titularidade da vía é provincial.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade e lexitimación activa e pasiva, descritos nos artigos 3 e 4.1, letra a), en relación co artigo 66, da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non se cumprimenta o requisito da temporalidade, tendo transcorrido o prazo de prescrición descrito no artigo 67.1 da Lei 39/2015 que literalmente di:

“Los interesados sólo podrán solicitar el inicio de un procedimiento de responsabilidad patrimonial cuando no haya prescrito su derecho a reclamar. El derecho a reclamar prescribirá al año de producido el hecho o el acto que motive la indemnización o se manifieste su efecto lesivo. En caso de daños de carácter físico (...) el plazo empezará a computarse desde la curación o la determinación del alcance de las secuelas”.

Considerando.- Que o teor do citado artigo impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó ter prescrito o dereito a reclamar da interesada, que coñecedora da titularidade provincial da vía, segundo os datos recollidos no informe estatístico que ela mesma achega xunto coa instancia, decide presentar a reclamación perante unha administración distinta, sendo esta decisión completamente allea a esta Deputación.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.



Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que “*En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO*”.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.


A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

23.31810.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR LESIÓNS E DANOS MATERIAIS NO CONCELLO DE CANGAS (EXPTE. 2022005724)



Dada conta que con data 21/01/2022 (núm. rex. WEB2022002280), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D^a. M^a. del Mar Angulo Gascón en representación de D^a. Consuelo Sanchez Piña, por lesións e danos materiais producidos o día 25/05/2021 a consecuencia dunha caída nun burato da canalización de pluviais situada nas inmediacións do aparcamento da Praia de Nerga, no Concello de Cangas, e que foi cuantificada economicamente en 5.405,77 €.

Resultando.- Que con data 24/02/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas desta Deputación, que o emitiu na data 09/05/2022, co seguinte contido:


PRIMEIRO.- A estrada EP-1007 ACCESO PRAIA DE NERGA pertence á rede provincial de estradas.



SEGUNDO.- Esta vía provincial é unha estrada convencional que forma parte da rede local e ten unha lonxitude de 1.464 m.



TERCEIRO.- Á vista da documentación que se achega co expediente, *AS INMEDIACIÓNS DO APARCAMENTO DA PRAIA DE NERGA QUEDAN FÓRA DO ÁMBITO DA ESTRADA PROVINCIAL.*





CUARTO.- Non existe ningún parte de incidencia por este motivo nin calquera outro na estrada provincial revisado o filtro dende o ano 2019.

Tampouco hai constancia de ningún perigo ou reclamación que puidera incidir na seguridade viaria dentro da lonxitude da estrada provincial.

María Belén Pampín Camino

Enxeñeiro

Daniel Romay Díaz

*Director de Infraestruturas e Vías Provinciais*_____

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante ela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en estradas que non sexan da súa titularidade demanial.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.



Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

24.31811.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE POIO AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (EXPTE. 2022007597)

En relación á petición presentada polo Concello de Poio, CIF núm. P3604100B, para modificar o acordo de concesión dunha axuda ao abeiro das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, no marco da Liña 3: emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais – aprobada por acordo da Xunta de Goberno do 25 de febreiro de 2022, punto núm. 10.31343, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, para financiar actuacións e investimentos que teñan encaixe nas diferentes Liñas do Plan. As propostas deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Ditas bases foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 230 do 27/11/2021.

Segundo.- Á vista da documentación obrante nos expedientes de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 25 de febreiro de 2021, punto núm. 10.31343, aprobouse a concesión dunha axuda ó abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 correspondente á Liña 3: Emprego para Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais, mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2022/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.



Terceiro.- No caso do *Concello de Poio*, concedéuselle unha axuda conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE POIO				
LIÑA 3: importe máximo que se podería destinar a esta liña				233.418,77 €
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
32	<i>1 traballador/a do ciclo superior de turismo, 12 operarios/as de obras e servizos múltiples, 3 oficiais condutores/as e 2 oficiais de 1ª electricistas, 1 subalterno/a conserxe, 1 traballador/a social e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 32,5 h./sem. durante 6 meses; 4 limpadores/as en xornada de 28 h./sem. durante 6 meses; 3 subalternos/as conserxes en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 32,5 h./sem. durante 5 meses; 1 traballador/a do ciclo superior de turismo en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses; 2 auxiliares de clínica en xornada de 20 h./sem. durante 3 meses</i>	233.407,09	0,00 €	233.407,09 €

Cuarto.- Non obstante, o concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. 2022030191 do 13/05/2022 solicita modificar o acordo de concesión da axuda, motivado polo necesario reaxuste do número de contratacións, o importe do orzamento e o importe da axuda concedida, debido á imposibilidade de realizar a totalidade das contratacións previstas inicialmente.

Fundamentos xurídicos:

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.

- Base 5.2 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, que sinala que os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada das liñas 2 e 3 a incrementar o importe da Liña 1. En todo caso, o Concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á Liña 1. Os traspasos entre liñas arriba referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Base décimo sétima do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 no referente ás modificacións das resolucións de concesión das subvencións, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, permítese a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do un de novembro de 2022. A modificación non poderá implicar unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. No caso de supoñer un importe inferior, poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.

Conclusiones:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar ás novas circunstancias e necesidades de contratación a solicitude de axuda por mor da imposibilidade de realizar as contratacións previstas inicialmente, o interesado solicita modificar o número das contratacións, o importe do orzamento e o importe da axuda concedida con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE POIO				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
25	<i>1 traballador/a do ciclo superior de turismo, 10 operarios/as de obras e servizos múltiples, 2 oficiais condutores/as, 2 oficiais de 1ª electricistas e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 32,5 h./sem. durante 6 meses; 3 limpadores/as en xornada de 28 h./sem. durante 6 meses; 3 subalternos/as conserxes en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 1 traballador/a do ciclo superior de turismo en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses; 2 auxiliares de clínica en xornada de 20 h./sem. durante 3 meses</i>	184.084,77 €	0,00 €	184.084,77 €



A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases. Esta modificación non implica variación económica algunha ó alza. O importe sobrante poderá destinarse á Liña 1, nos termos establecidos nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, para o cal o concello deberá presentar a correspondente solicitude unha vez notificado o acordo de modificación desta axuda.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, informo favorablemente a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 25 de febreiro de 2022, punto núm. 10.31343, no referente á axuda concedida ó Concello de Poio, CIF núm. P3604100B, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Poio (P3604100B)	25	<i>1 traballador/a do ciclo superior de turismo, 10 operarios/as de obras e servizos múltiples, 2 oficiais condutores/as, 2 oficiais de 1ª electricistas e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 32,5 h./sem. durante 6 meses; 3 limpadores/as en xornada de 28 h./sem. durante 6 meses; 3 subalternos/as conserxes en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 1 traballador/a do ciclo superior de turismo en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses; 2 auxiliares de clínica en xornada de 20 h./sem. durante 3 meses</i>	184.084,77 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido no artigo 16.4 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, na base 16ª.2 c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



En consecuencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 25/02/2022, punto nº10.31343, no referente á axuda concedida ó *Concello de Poio*, CIF núm. P3604100B, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Poio (P3604100B)	25	<i>1 traballador/a do ciclo superior de turismo, 10 operarios/as de obras e servizos múltiples, 2 oficiais condutores/as, 2 oficiais de 1ª electricistas e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 32,5 h./sem. durante 6 meses; 3 limpadores/as en xornada de 28 h./sem. durante 6 meses; 3 subalternos/as conserxes en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 1 traballador/a do ciclo superior de turismo en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses; 2 auxiliares de clínica en xornada de 20 h./sem. durante 3 meses</i>	184.084,77 €

Esta modificación respecta os criterios establecidos nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, Liña 3: Emprego para Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais, e non se estima que produza prexuízo a dereitos de terceiros, se ben unha vez aprobada polo órgano competente, o concello deberá tramitar a solicitude de aboo dos anticipos correspondentes conforme ás novas condicións da subvención reformulada.

O importe sobrante non aplicado á Liña 3 tras esta modificación, poderá destinarse á Liña 1 nos termos establecidos nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, para o cal o concello deberá presentar a correspondente solicitude, xunto a restante documentación pertinente, unha vez notificado o acordo de modificación da concesión.

Esta subvención imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

2. Darlle traslado do acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

25.31812.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 20/05/2022 (Nº15.31747) RELATIVO Á ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-8101 PORTAS-ROMAI (CONCELLO DE PORTAS)” (EXPTE.2021060894)

Visto o erro padecido no acordo número 15.3147 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 20/05/2022 relativo á adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas)*”.



Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade corrixir o citado erro no seguinte senso:

Onde di:

(...)

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D.

César Paredes Rodríguez. (...)

Debe dicir:

(...)

3. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais Dona Belén Pampín Camino. (...)

26.31813.- RECTIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 08/02/2019 (Nº 28.27592), RELATIVO Ó “RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS”, APARTADO B)” (Expte.2022015278)

1º.- Por acordo numero 28.27592 adoptado na Xunta de Goberno, celebrada o 8 de febreiro de 2019, aprobábase recoñecemento extraxudicial de crédito para a xustificación de fondos librados con carácter de anticipo de Caixa fixa ao funcionario de carreira D. Francisco J. Soliño Soliño, en concepto de axuda de custo do grupo III (por 1/2 manutención-Portugal), con motivo da viaxe que realizou o día 21 de novembro de 2018 a Lisboa, acompañando ao Deputado Provincial D. Uxío Benítez Fernández.

2º.- Advertido un erro na parte dispositiva dese acordo, por non recoller expresamente a aprobación da conta xustificativa, procedese a súa rectificación.

Normativa aplicable:

1º.- A Base 17 de execución do orzamento provincial atribúe á Xunta de Goberno da Deputación o recoñecemento extraxudicial de créditos.

2º.- O artigo 109 da lei 39/2015 de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, permite ás Administracións Públicas rectificar en calquera momento os erros existentes nos seus actos.



Conclusión:

Considerando o exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade rectificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno, número 28.27592, en sesión celebrada o 8 de febreiro de 2019, de “Recoñecemento extraxudicial de créditos”, apartado b), de forma que onde di:

“a Xunta de Goberno acorda por unanimidade recoñecer crédito por importe de 20,73 € a favor de D. Francisco J. Soliño Soliño, imputándose dita cantidade á aplicación 920.9200.230.20 do orzamento provincial”

Debe dicir:

“a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar por recoñecemento extraxudicial de crédito a conta xustificativa do anticipo de caixa fixa de D. Francisco Soliño Soliño, librado con motivo do desprazamento a Lisboa, o día 21 de novembro de 2018, acompañando ao Deputado D. Uxío Benítez Fernández, por importe de 20,73 €”

27.31814.- ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DO PROGRAMA EN “RUTA COA DEPO 2022” (Expte. 2021048151)

1º.- Segundo a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 2 defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. Así mesmo, os poderes públicos fomentarán, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por parte de entidades de iniciativa social, sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na citada lei.

2º.- Con este fin, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, convoca unha nova edición do programa “*En ruta coa Depo*”, o cal ten por finalidade mellorar a participación, a convivencia e a cohesión social dos distintos colectivos sociais da provincia de Pontevedra, impulsando a igualdade de oportunidades para os colectivos con diversidade funcional, ofrecéndolle alternativas de ocio e tempo de lecer á poboación xuvenil da nosa provincia e promovendo rutas destinadas ás entidades de nais e pais que fomenten a convivencia e o intercambio de experiencias nas que participen activamente nenas e nenos.

3º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria que tivo lugar o día 24 de xaneiro de 2022 acordou, entre outros asuntos, á aprobación das Bases Reguladoras do programa “*En Ruta coa Depo*” para o ano 2022.

4º.- O anuncio e o extracto das devanditas Bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 25, do 7 de febreiro de 2022.



5º.- De conformidade có establecido na Base Terceira, “(...)Poderán participar neste programa todas as entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra.

Só se concederá unha ruta por entidade e NIF, solicitada de forma individual ou conxunta. No suposto de que as prazas ofertadas non se cubran, esta institución provincial poderá dar a opción de solicitar unha segunda ruta. Non poderán participar no programa as entidades de iniciativa pública.

Así mesmo, non serán beneficiarias aquelas entidades incursas nalgún dos supostos previstos no artigo 13 da LXS. (...)”

As entidades poderán solicitar a participación dun máximo de 54 persoas (a capacidade dun autobús). Non sairá ningún autobús se non se acada un mínimo de 50 participantes.

Para os colectivos de persoas con mobilidade reducida que precisen de cadeiras de rodas ou doutras axudas técnicas, as prazas por autobús serán, con carácter xeral, 34.

6º.- A Base Sétima establece que “(...)para tramitar este procedemento consultaranse automáticamente os datos incluídos nos seguintes documentos:

- NIF da entidade solicitante
- NIF da persoa representante da entidade solicitante(...)
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra”.

Indicando que “(...)no caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e aportar os documentos correspondentes. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes(...)”.

7º.- A Base Oitava establece que as entidades deberán achegar o “(...) certificado acreditativo do cargo da persoa representante da entidade (...)” e a “(...) relación de persoas solicitantes de prazas gratuítas (anexo III), de ser o caso (...)”.

8º.- Ofértanse 32 rutas e un total de 20.000 prazas, que segundo se establece na Base Decimo Segunda que “se outorgarán segundo esta orde de prelación:

- 1) Entidades inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) en categoría de iniciativa social en áreas de discapacidade, familia, infancia e menores.
- 2) Entidades inscritas no RUEEPSS na categoría de iniciativa social nas áreas restantes.
- 3) Entidades sociais que presenten a súa solicitude de forma conxunta.
- 4) Outras entidades sen ánimo de lucro”.

Indicando que “A prelación dentro de cada grupo de entidades será por orde de rexistro de entrada das solicitudes”

9º.- Consonte a Base Segunda a “contía consignada para este programe é de catrocentos trinta e dous mil seiscientos (432.600,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 22/231.2311.227.07 do Orzamento provincial, para un total de 20.000 prazas (...)”; “o programa será cofinanciado pola Deputación do seguinte xeito:

- As persoas beneficiarias do programa aboarán a cantidade de 13,50 € por praza concedida, a excepción das prazas de asignación gratuítas, financiadas integramente pola Deputación.



- *O importe das prazas para participantes menores de 12 anos poderá ser inferior en función da oferta presentada pola adxudicataria do programa (e o prezo que aboarán as e os participantes menores de 12 anos poderá ser inferior en función de dita oferta segundo a base 4.5 in fine)*
- *Reservaranse un total de 400 prazas gratuítas, é dicir, das que a Deputación asumirá a totalidade do custo”.*

Respecto da gratuidade de prazas, a Base 4.6 dispón que *“(…) das 20.000 prazas ofertadas neste programa, poderán ser gratuítas ata un máximo de 400. Para poder beneficiarse destas prazas, a entidade deberá acompañar coa solicitude unha relación de persoas que participarán na saída (anexo III) e indicar o número das que, por carecer de recursos económicos suficientes, non podan facerse cargo da aportación de 13.50 € que lles corresponde (o u unha cantidade inferior, no caso de menores de 12 anos se a empresa adxudicataria ofertase un prezo máis baixo), e xustificar que estas persoas se encontran nas seguintes circunstancias:*

- *Estar en situación ou risco de exclusión social.*
- *Contar con escasos recurso económico e presentar un informe social onde se indique a idoneidade do programa para a persoa solicitante.*

Esta xustificación realizarase mediante un informe dunha traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios municipais (anexo IV) ou da propia entidade solicitante (anexo V). No caso de que existan máis solicitudes que prazas, terase en conta a orde de presentación da solicitude de cada entidade.”; “(…)unha vez adxudicadas as rutas a cada entidade e o número de prazas gratuítas que lle correspondan, no seu caso, a entidade disporá dun prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte á súa notificación para remitir o mencionado informe ao Servizo de Cohesión social e Xuventude, a través do correo electrónico cohesionsozialexuventude@depo.gal.”

10°. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, ao abeiro da Convocatoria do programa “*En Ruta coa Depo*” 2022, e recibida a documentación requirida a aquelas entidades que presentaban a súa solicitude de forma incompleta, presentáronse un total de 333 solicitudes. Revisada a documentación que obra no expediente por parte do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, os datos son os seguintes:

- 333 solicitudes foron presentadas dentro dos prazos establecidos, das cales:
 - 314 solicitudes cumpren os requisitos establecidos nas bases reguladoras
 - 19 solicitudes non cumpren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras, por:
 - o 15 solicitudes están duplicadas ou triplicadas
 - o 3 solicitudes non están incluídas no tipo de entidade beneficiaria
 - o 1 non subsana as deficiencias requiridas
- Ningunha solicitude foi presentada fóra de prazo

11°.- As 314 solicitudes admitidas totalizan 17.236 prazas ordinarias (das 20.000 ofertadas) e todas elas cumpren os requisitos establecidos para poder adxudicar a ruta solicitada.



Do total de prazas solicitadas, 22 entidades solicitan 497 prazas gratuítas, superando o máximo de 400 prazas gratuítas ofertadas, polo que seguindo a orde de prelación establecida nas bases reguladoras, adxudicáranse 361 prazas gratuítas a 15 entidades e as 136 restantes solicitadas por 7 entidades quedarían en agarda, á espera de que os servizos sociais comunitarios municipais ou as entidades sociais envíen a relación definitiva de persoas que participarán con praza de reserva. Coa relación definitiva o número de prazas gratuítas podería variar, manténdose en todo caso o máximo de 400 prazas financiadas por esta Institución.

12º. Por Acordo da Xunta de Goberno de data 27 de maio de 2022, apróbase a adxudicación do procedemento aberto seguido para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa á empresa VIAJES HALCÓN S.A., sendo o importe ofertado por praza (IVE engadido) de 22,75 €, e gratuíto para menores de 12 anos.

Consonte ao anterior e ao abeiro do establecido nas Bases Reguladoras do programa atendendo aos criterios de prelación establecidos na Base Décimo segunda, suporá un total de 16.836 prazas ordinarias e ata un máximo de 400 prazas gratuítas, das que a Deputación de Pontevedra financiará como máximo un total de 164.833,00 €, desagregado do seguinte xeito:

PREZO UD. GRATUITAS	N.º PRAZAS	CUSTO USUARIO	FINANCIACION DEPUTACIÓN	SUBTOTAL
22,75 €	Máx. 400	0,00 €	22,75 €	9.100,00 €
PREZO UD. ORDINARIAS	N.º PRAZAS	CUSTO USUARIO	FINANCIACION DEPUTACIÓN	SUBTOTAL
22,75 €	16.836	13,50 €	9,25 €	155.733,00 €
TOTAL GLOBAL				164.833,00 €

13º.- Con data 30 de maio de 2022 Intervención emite informe favorable ao expediente de adxudicación de 17.236 prazas a 314 entidades.

• Normativa aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Bases de execución do vixente Orzamento provincial para o ano 2022.
- Bases do programa En Ruta coa Depo 2022.

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a adxudicación de 17.236 prazas a 314 entidades da provincia de Pontevedra no marco do programa *En ruta coa Depo 2022*, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases reguladoras.



Segundo.- Aprobar a relación de entidades excluídas que son un total de 19, polos motivos que figuran na relación anexa.

Os Anexos figuran asinados no expediente cos seguintes CSV: PYZDKTX8DS7MUJPO; P1IJW1RLTNMH5X71.

28.31815.- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO DE OUTORGAMENTO DA CONDICIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS DO PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2022/2023 NO MARCO DO PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE (Expte. 2022014749)

Visto o erro material padecido no acordo nº 24.31785 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de maio de 2022 relativo ao “*Outorgamento da condición de entidades colaboradoras do proxecto “Primeira experiencia profesional” nos concellos da provincia de Pontevedra 2022/2023 no marco do Plan de fomento da empregabilidade (acordo nº 24.31785), publicado no BOPPO número 102 do luns día 30 de maio de 2022.*”

Visto o informe-proposta do xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 30 de maio de 2022.

Considerando que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, de acordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes, normativa aplicable e fundamentos de dereito e a súa motivación razoada, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Corrixir o erro do acordo da Xunta de Goberno do día 27 de maio de 2022 no referente ao outorgamento da condición de entidades colaboradoras do proxecto “Primeira experiencia profesional” nos concellos da provincia de Pontevedra 2022/2023 no marco do Plan de fomento da empregabilidade (acordo nº 24.31785), no seguinte sentido:

Onde di:

“(…)

1º.- *Outorgar ós concellos solicitantes a condición de entidades colaboradoras que se relacionan no Anexo I xunto co número de contratos, nivel de estudos solicitado, a duración e a contía de subvención.*

Transcorrido o prazo de 10 días, contados desde o día seguinte á publicación no BOPPO, sen que se produciase manifestación expresa da aceptación por parte das persoas beneficiarias entenderase tacitamente aceptada, de acordo co artigo 21.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. (...)”



Debe dicir:

“(…)

1º.- *Outorgar ós concellos solicitantes a condición de entidades colaboradoras que se relacionan no Anexo I xunto co número de contratos, nivel de estudos solicitado, a duración e a contía de subvención.*

O período subvencionable dos contratos formativos será dun máximo dun ano e os contratos deberán comezar o 1 de xullo de 2022.

Transcorrido o prazo de 10 días, contados desde o día seguinte á publicación no BOPPO, sen que se produciise manifestación expresa da aceptación por parte das persoas beneficiarias entenderase tacitamente aceptada, de acordo co artigo 21.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. (...)”

2.- Publicar o acordo no BOPPO e na web da institución provincial e a súa notificación, no seu caso, ás partes interesadas.

29.31816.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, TRÁMITE DE URXENCIA, DA SUBMINISTRACIÓN DE PACKAGING SUSTENTABLE E REUTILIZABLE DOS PROXECTOS “DA TÚA MAN” DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN E “COMERCE INSIDE” DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA- FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXT GENERATION. (EXPTE. 2022034965)

As actividades dos servizos de Turismo Rías Baixas e de Promoción do Emprego e Desenvolvemento, baséanse na cooperación no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local. A tal efecto os obxectivos desta institución están en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia así como coa convocatoria e proxecto que se pretende executar.

A Deputación de Pontevedra, en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ten como un dos principais obxectivos, en materia de comercio, o desenvolvemento de mecanismos para situar de maneira eficiente o territorio, que contribúa a xerar así unha maior competitividade no tecido empresarial da provincia. Deste xeito preténdese favorecer a creación, desenvolvemento e consolidación de negocios do sector do comercio polo miúdo na provincia de Pontevedra que permita a xeración de riqueza e postos de traballo de calidade.



Tendo en conta as dúas convocatorias publicadas o 11 de setembro de 2021 polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a Deputación de Pontevedra presentou dous proxectos: “Commerce Inside” dirixido a concellos turísticos e “Da Túa Man” dirixido a municipios para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización.

O 7 de febreiro de 2022 a Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, notificou a proposta de resolución definitiva de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para os proxectos “Commerce Inside” e “Da Túa Man”. En consecuencia, a Deputación de Pontevedra aceptou o financiamento mencionado e posteriormente, a Xunta de Goberno desta institución na súa sesión ordinaria do día 1 de abril de 2022 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación dos mencionados proxectos condicionados á resolución de concesión.

Polo que para a consecución dos fitos e obxectivos marcados nas convocatorias e nas memorias dos proxectos presentadas e polo menos executar no presente exercicio os requisitos sinalados nos art. 24.2.b) e 25.2.b) das Ordes citadas financiada pola Unión Europea - NextGenerationEU, se propón a contratación das actuacións relativas á subministración de packaging sustentable e reutilizable para o comercio de proximidade, procedente de materiais compostables ou reciclados que contribuirán á redución da pegada de carbono no medio ambiente.

En base ao exposto, con data 11/05/2022 a xefa do servizo de Turismo Rias Baixas, e o xefe do servizo de Promoción de Emprego, na provincia de inicio do expediente xustifican a declaración de urxencia para a contratación do subministro de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos “Da tua man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Commerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, para iniciar a execución do contrato antes, conforme ao establecido no artigo 50.1 apartados a) e e) do Real decreto Lei 36/2020 do 30 de decembro polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O orzamento base de licitación ascende a 435.600,0euros IVE engadido. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministro. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, previsto como ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP e polo seu importe suxeito a regulación harmonizada segundo o artigo 21 da LCSP.



Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 20/05/2022 solicita o preceptivo informe á Secretaría. Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 24/05/2022.

Visto que con data 25/05/2022 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 1/06/2022 coas seguintes observacións e recomendacións:

1. *“Considerando a necesidade de axilizar a tramitación do expediente en función dos prazos de execución e xustificación esixidos pola normativa reguladora dos fondos para este proxecto, autorízouse a contabilización da retención de crédito, na contía correspondente ás achegas municipais, con cargo aos fondos propios, advertindo da esixencia de tramitarse coa maior celeridade posible os respectivos convenios cos Concellos co obxecto de poder xerar crédito nas correspondentes aplicacións orzamentarias.*

Ademais, no caso do proxecto Commerce Inside condiciónase a parte restante do crédito (97.101,75 €) ó sinalado no presente informe. Tendo en conta a previsibilidade de que se susciten supostos similares, nos que os prazos de execución dificulten a sinatura previa dos convenios e disposición da achegas municipais, propónse a modificación da base 29ª das BEO “Realización de gastos ou investimentos para persoas alleas á Deputación”, de conformidade co seguinte:

“Cando as esixencias de celeridade na tramitación dos proxectos cofinanciados con fondos NextGenerationEU dificulten a sinatura dos Convenios cos Concellos que participan no financiamento, así como a disposición das achegas municipais con carácter previo á autorización do gasto, poderá aprobarse o expediente, efectuándose a retención de crédito con cargo a recursos propios, condicionando a adxudicación á sinatura do Convenio.

O prazo para o ingreso das achegas municipais especificarase no Convenio, que deberá facerse efectivo, en todo caso, nas anualidades na que se realiza o gasto correspondente.”

Visto que con data 23/05/2022 a Intervención emite documento de retención de crédito número 202200107997 polo importe de 217.800,00€ euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/240.4314.226.99 “Gastos diversos Da túa man” e documento de retención de crédito número 202200108921 polo importe de 120.698,25 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/433.4314.226.99 “Gastos diversos, Commerce Inside”, do vixente orzamento provincial, quedando condicionada a cantidade restante (97.101,75€, á xeración de crédito que derive dos convenios que se aproben cos Concellos adheridos así como as posibles baixas que xurdan da tramitación dos expedientes de contratación financiados con estes fondos.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar a urxencia do expediente para contratar o subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos “DA TÚA MAN” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “COMMERCE INSIDE” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE_ NEXT GENERATION EU, motivada no informe proposta de inicio co csv UE5T4KPMBRRES8GZ.

2.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto de subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos “DA TÚA MAN” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “COMMERCE INSIDE” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE_ NEXT GENERATION EU, de acordo co seguinte detalle:

– *Subministración de 100.000 unidades de packaging ecosustentables correspondentes ao proxecto “Commerce Inside”: A Guarda, Bueu, Tui, Soutomaior, Caldas de Reis, Nigrán, Sanxenxo, Cambados e o Grove.*

– *Subministración de 100.000 unidades de packaging ecosustentables correspondentes ao proxecto “Da túa ma”: A Cañiza, Gondomar, Moaña, O Rosal, Silleda, Salceda de Caselas, Tomiño, Poio e Ribudumia.*

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 435.600,00 euros.

O valor estimado é de 360.000,00 euros.

O prazo de execución será de un mes e medio contado desde a data de formalización do contrato. A adxudicación do contrato quedará condicionada a sinatura dos convenios cos concellos que participan no financiamento co obxecto de xerar crédito nas aplicacións orzamentarias polo importe a financiar polos respectivos concellos así como a disposición das correspondentes achegas municipais.



3.- Aprobación de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: CDDBUFJVN7DN9E4O) e de prescricións técnicas (CSV: K1VRQQFP01QFRMN2) que rexerán dita contratación.

4.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 435.600,00 euros, dos cales a cantidade de 217.800€ euros irá con cargo á aplicación orzamentaria 22/433.4314.226.99 Gastos diversos_Turismo (PROX: 92210001 COMMERCE INSIDE_22) ou na súa vinculación xurídica, e a cantidade de 217.800 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.4314.226.99 gastos diversos,_ promoción de emprego (PROX: 92210002 DA TÚA MAN 22) ou na súa vinculación xurídica, do vixente orzamento provincial.

5.- Nomear responsable do contrato a xefa do servizo de Turismo, Ruth González Reyes, e ao xefe do servizo de Promoción do emprego e desenvolvemento local, Manuel Corujo Castro, da Deputación de Pontevedra.

6.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 17 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

30.31817.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, TRÁMITE DE URXENCIA, DA SUBMINISTRACIÓN DE ZONAS DE DESCANSO VERDES, SINALÉCTICA, INTEGRADA E ILLAS ECOLÓXICAS DOS PROXECTOS “DA TÚA MAN” DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN E “COMERCE INSIDE” DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA- FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXT GENERATION. (Expte.2022029400)

A Deputación de Pontevedra, a través dos servizos de Turismo Rías Baixas e Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, traballa na cooperación e no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial de acordo co disposto no art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime Local.



Neste senso, e en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021 co que se busca a modernización da economía española, a recuperación do crecemento económico e a creación de emprego trala crise da COVID-19, pretende favorecer a creación, desenvolvemento e consolidación de negocios e pequenos comercios que permitan a xeración de riqueza e postos de traballo de calidade.

Con este obxectivo presentou á convocatoria do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo os proxectos “*Comerce Inside*” dirixido a concellos turísticos e “*Da túa Man*” dirixido a municipios para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, co obxectivo de transformar o pequeno comercio dotándoo de ferramentas necesarias para dar resposta a unha contorna cambiante e aos novos retos competitivos xurdidos trala pandemia.

O pasado 12 de abril de 2022 a Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou á institución provincial a concesión das axudas solicitadas para a posta en marcha dos anteditos proxectos, polo que para a consecución dos fitos e obxectivos marcados nas convocatorias e nas memorias dos proxectos presentadas, proponse levar a cabo a contratación da subministración de illas ecolóxicas para o depósito de biorresiduos, empregadas coma puntos de información e sensibilización sobre o tratamento e reciclado de residuos, zonas de descanso verdes con cargadores solares e sinalética integrada, así como accións de ornamentación da vía pública para mellorar o impacto visual e servir de punto de encontro e descanso nas zonas comerciais.

Por todo anterior, en cumprimento do disposto no artigo 28 da LCSP, faise constar a idoneidade do obxecto e contido proxectado para satisfacer estas necesidades.

Dado que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios necesarios para a elaboración de illas ecolóxicas para o depósito de biorresiduos, zonas de descanso verdes con cargadores solares e sinalética integrada así como accións de ornamentación da vía pública para mellorar o impacto visual e servir de punto de encontro e descanso nas zonas comerciais, resulta preciso recorrer a empresas externas do sector que teñan capacidade para levar a cabo este tipo de subministracións.

En base ao exposto, con data 11 de marzo de 2022, as xefaturas dos servizos de Turismo Rías Baixas e Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local emiten, co visto e praxe da deputada, providencia de inicio do expediente de contratación mediante procedemento aberto, trámite de urxencia, para a “Subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos proxectos “*Da túa man*” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortas de comercialización e “*Commerce Inside*” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas”, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. O contrato proposto ten un prazo de duración de 4 meses, e un orzamento base de licitación de 821.832,00€.



Xunto coa referida proposta, os servizos achegan o prego de prescricións técnicas e informe no que se xustifica e se propón ao órgano de contratación, a declaración de urxencia do presente procedemento.

Tendo en conta que, con data 20 de maio de 2022, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 20 de maio de 2022, solicita o preceptivo informe á Secretaría Xeral.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 24 de maio de 2022, e as observacións contidas no mesmo.

Visto que con data 25 de maio de 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 01 de xuño de 2022, coas observacións e recomendacións sinaladas nos apartados 1 e 3 do mesmo:

1.- Considerando a necesidade de axilizar a tramitación do expediente en función dos prazos de execución e xustificación esixidos pola normativa reguladora dos fondos para este proxecto, autorízouse a contabilización da retención de crédito, na contía correspondente ás achegas municipais, con cargo aos fondos propios, advertindo da esixencia de tramitarse coa maior celeridade posible os respectivos convenios cos Concellos co obxecto de poder xerar crédito nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

Tendo en conta a previsibilidade de que se susciten supostos similares, nos que os prazos de execución dificulten a sinatura previa dos convenios e disposición da achegas municipais, proponse a modificación da base 29ª das BEO "Realización de gastos ou investimentos para persoas alleas á Deputación", de conformidade co seguinte:

"Cando as esixencias de celeridade na tramitación dos proxectos cofinanciados con fondos NextGenerationEU dificulten a sinatura dos Convenios cos Concellos que participan no financiamento, así como a disposición das achegas municipais con carácter previo á autorización do gasto, poderá aprobarse o expediente, efectuándose a retención de crédito con cargo a recursos propios, condicionando a adxudicación á sinatura do Convenio.

O prazo para o ingreso das achegas municipais especificarase no Convenio, que deberá facerse efectivo, en todo caso, nas anualidades na que se realiza o gasto correspondente.”

3.- Os pregos de prescricións técnicas particulares non deberían conter declaracións ou cláusulas que deban figurar no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (art. 68.3 do RXLCAP), coma o réxime de pagos. Non obstante, no PCAP recóllese que, en caso de discrepancia, prevalecerá o recollido no PCAP.

Ademais, deben contar coa conformidade dunha persoa técnica do Servizo de Arquitectura (ou outra competente na materia) e, respecto do recollido na cláusula 7 (Condicións de seguridade, permisos e licenzas) sobre a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións que foran necesarias para a execución dos traballos que correrán a cargo dos concellos beneficiarios dos 2 proxectos, sinalar que debe verificarse que esta condición se cumpra por parte dos concellos, debendo estar a disposición da Deputación antes da realización da prestación por parte da empresa que resulte adxudicataria. Visto que con data 24 de maio de 2022, a Intervención emite os seguintes documentos de retención de crédito:

RC N°	Importe	Aplicación orzamentaria	Proxecto	Anualidade
202200107974	406.076,00€	433.4314.652.99	COMERCE INSIDE	2022
202200107980	415.756,00€	240.4314.652.99	DA TUA MAN	2022

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministración os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens móbiles.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar a urxencia do expediente para contratar a *“Subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos proxectos “Da túa man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Commerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas”*, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU motivada no informe con CSV: I4LG26K1X5MAP2TN.

2.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada da *“Subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos proxectos “Da túa man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Commerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas”*, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

A adxudicación do contrato quedará condicionada a sinatura dos convenios cos concellos que participan no financiamento co obxecto de xerar crédito nas aplicacións orzamentarias polo importe a financiar polos respectivos concellos así como a disposición das correspondentes achegas municipais.

O prazo de duración será de 4 meses contados desde a data de formalización do contrato.
O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 821.832,00 euros.

O valor estimado é de 679.200,00 euros.

3.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV:EBQH76UI4SINMZLC) e de prescricións técnicas (CSV: A18ME4O5NQHFNMW9) que rexerán dita contratación.



4.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 821.832,00 euros, que se distribuirán conforme ao seguinte no vixente orzamento provincial:

Anualidade	Financiamento	Commerce 22/433.4314.652.99	Da Túa Man 22/240.4314.652.99	TOTAL
2022	LOTE 1	188.760,00 €	143.748,00 €	332.508,00 €
	LOTE 2	166.496,00 €	187.308,00 €	353.804,00 €
	LOTE 3	50.820,00 €	84.700,00 €	135.520,00 €
		406.076,00 €	415.756,00 €	821.832,00 €

5.- Nomear responsables do contrato á Xefatura do Servizo de Turismo Rías Baixas para as subministracións realizadas con cargo ao proxecto Commerce Inside e á Xefatura do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local para as realizadas ao abeiro do proxecto Da Túa Man.

6.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 17 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

31.31818.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, TRÁMITE DE URXENCIA, DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DA PLATAFORMA DE COMERCIO INTELIXENTE DE PONTEVEDRA E AS SÚAS VERTICAIS, DENTRO DOS PROXECTOS “COMERCE INSIDE” E “DA TÚA MAN”, EMARCADOS NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADOS POLA UNIÓN EUROPEA- NEXT GENERATION. (Expte. 2022035109)

As actividades dos servizos de Turismo Rías Baixas e de Promoción do Emprego e Desenvolvemento, baséanse na cooperación no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local. A tal efecto os obxectivos desta institución están en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia así como coa convocatoria e proxecto que se pretende executar.



A Deputación de Pontevedra, en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ten como un dos principais obxectivos, en materia de comercio, o desenvolvemento de mecanismos para situar de maneira eficiente o territorio, que contribúa a xerar así unha maior competitividade no tecido empresarial da provincia. E no ámbito do comercio, en tempos de pandemia e confinamento, os comercios de proximidade estiveron pechados ou teñen sufrido importantes restricións de aforo, o que lles provocou perdas económicas irrecuperables.

Deste xeito preténdese favorecer a creación, desenvolvemento e consolidación de negocios do sector do comercio polo miúdo na provincia de Pontevedra que permita a xeración de riqueza e postos de traballo de calidade. E, por iso, tendo en conta as dúas convocatorias publicadas o 11 de setembro de 2021 polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a Deputación de Pontevedra presentou 2 proxectos: “Commerce Inside” dirixido a concellos turísticos e “Da Túa Man” dirixido a municipios para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización.

Proxectos presentados no marco das Ordes do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo ICT/949/2021, de 10 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles de comercialización e a Orde ICT/951/2021, de 10 de setembro, polo que se establecen as bases reguladoras das liñas de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O 7 de febreiro de 2022 a Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a proposta de resolución definitiva de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para os proxectos “Commerce Inside” e “Da Túa Man”. En consecuencia, a Deputación de Pontevedra aceptou o financiamento mencionado e posteriormente, a Xunta de Goberno desta institución na súa sesión ordinaria do día 1 de abril de 2022 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación dos mencionados proxectos condicionados á resolución de concesión.

As ditas resolucións foron notificadas o 12 de abril de 2022, polo que para a consecución dos fitos e obxectivos marcados nas convocatorias e nas memorias dos proxectos presentadas e polo menos executar no presente exercicio os requisitos sinalados nos art. 24.2.b) e 25.2.b) das Ordes citadas financiada pola Unión Europea - NextGenerationEU, levase a cabo a contratación das actuacións relativas a contratación da implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais.



Para o desenvolvemento e execución dos fitos e obxectivos marcados na convocatoria e na memoria dos proxectos requírese de medios materiais e persoais especializados debido a complexidade técnica de execución; medios dos que non dispoñen os Servizos de Turismo Rías Baixas e Promoción de emprego e Desenvolvemento Local.

En base ao exposto, con data 12 de maio de 2022, a Deputada Delegada de Turismo e Xuventude e xunto coa Deputada Delegada de Proxectos Europeos ditou providencia de inicio do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, trámite de urxencia, da implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos “Commerce Inside” e “Da túa man” enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation.

O contrato proposto ten un prazo de duración de 4 anos e un orzamento base de licitación de 1.139.556,83 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 02 de xuño de 2022, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo mixto (prestación principal subministración). O procedemento a aplicar é o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 23 de maio de 2022, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 27 de maio de 2022, e as observacións contidas no mesmo.

Visto que con data 30 de maio de 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 02 de xuño de 2022, coas seguintes observacións e recomendacións:

*Considerando a necesidade de axilizar a tramitación do expediente en función dos prazos de execución e xustificación esixidos pola normativa reguladora dos fondos para este proxecto, autorízouse a contabilización da retención de crédito, na contía correspondente ás achegas municipais, con cargo aos fondos propios, advertindo da existencia de tramitarse coa maior celeridade posible os respectivos **convenios** cos Concellos co obxecto de poder xerar crédito nas correspondentes aplicación orzamentarias.*



Tendo en conta a previsibilidade de que se susciten supostos similares, nos que os prazos de execución dificulten a sinatura previa dos convenios e disposición da achegas municipais, propónse a modificación da base 29ª das BEO “Realización de gastos ou investimentos para persoas alleas á Deputación”, de conformidade co seguinte:

*“Cando as esixencias de celeridade na tramitación dos proxectos cofinanciados con fondos NextGenerationEU dificulten a sinatura dos Convenios cos Concellos que participan no financiamento, así como a disposición das achegas municipais con carácter previo á autorización do gasto, poderá aprobarse o expediente, efectuándose a retención de crédito con cargo a recursos propios, **condicionando** a adxudicación á sinatura do Convenio.*

O prazo para o ingreso das achegas municipais especificarase no Convenio, que deberá facerse efectivo, en todo caso, nas anualidades na que se realiza o gasto correspondente.”

Existen certificados de existencia de crédito RC nº 202200107903 e 202200107905 por importe de 217.800,00 €, 181.500,00 €, respectivamente para a implantación e RC nº 202200107909 por importe de 1.166,74 € (1 mes) para mantemento dentro do Proxecto 92210002 Da túa man, e RC nº 202200107887, 202200107890 e 202200107893 por importe de 163.350,00 €, 308.550,00 e 163.350,00 €, respectivamente para a implantación e RC nº 202200107908 por importe de 1.166,75 € (1 mes) para mantemento dentro do Proxecto 92210001 Commerce Inside. (Dos importes correspondentes á implantación o 70% sen IVE é financiado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (Fondos NextGenerationEU), o 15% sen IVE máis o total do IVE con cargo a fondos propios da Deputación e o 15% sen IVE restante polos Concellos adheridos mediante convenio.

Tendo en conta o artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos mixtos aqueles que conteñan prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar a urxencia do procedemento aberto para a contratación da implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos “Commerce Inside” e “Da túa man” enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation” motivada no informe con CSV: JU4FUGPMJQB5KDOS.

2.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, trámite de urxencia, da *“implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos “Commerce Inside” e “Da túa man” enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation”*.

A adxudicación do contrato quedará condicionada a sinatura dos convenios cos concellos que participan no financiamento co obxecto de xerar crédito nas aplicacións orzamentarias polo importe a financiar polos respectivos concellos así como a disposición das correspondentes achegas municipais.

O prazo máximo de duración destes traballos será de 4 anos contados a partir da data de formalización do contrato.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 1.139.556,83 euros.

O valor estimado é de 941.782,50 euros.

3.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 9GDXS77UFSH1K3V5) e de prescricións técnicas (CSV: KSVC141R0YOQEV0Y) que rexerán dita contratación.



4.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 1.139.556,83 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022-Implantación-Turismo	22/433.4314.641.00 ou na súa vinculación xurídica	163.350,00 €
2022-Implantación-Turismo	22/433.4314.652.99 ou na súa vinculación xurídica	308.550,00 €
2022-Implantación -Turismo	22/433.4314.626.01 ou na súa vinculación xurídica	163.350,00 €
2022-Implantación -Emprego	22/240.4314.641.00 ou na súa vinculación xurídica	217.800,00 €
2022-Implantación -Emprego	22/240.4314.652.99 ou na súa vinculación xurídica	181.500,00 €
2022-Mantenimento-Turismo	22/433.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	1.166,75 €
2023-Mantenimento-Turismo	23/433.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	14.000,91 €
2024-Mantenimento-Turismo	24/433.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	14.000,91 €
2025-Mantenimento-Turismo	25/433.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	14.000,91 €
2026-Mantenimento-Turismo	26/433.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	9.333,94 €
2022-Mantenimento-Emprego	22/240.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	1.166,74 €
2023-Mantenimento-Emprego	23/240.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	14.000,91 €
2024-Mantenimento-Emprego	24/240.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	14.000,91 €
2025-Mantenimento-Emprego	25/240.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	14.000,91 €
2026-Mantenimento-Emprego	26/240.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	9.333,94 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2023, 2024, 2025 e 2026 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.



5.- Nomear responsables do contrato Ruth González Reyes, xefa de servizo de Turismo Rías Baixas e Manuel Corujo Castro, xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local ou persoas en las que deleguen.

6.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 17 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

32.31819.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

33.31820.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e corenta e un minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario (p.s.) que dou fe.

